



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES "Maximino Romero de Lema"
981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

CURSO 2016-17

A Xefa de Departamento

María Luisa Olveira Rama

Índice de contidos

1.- Introducción e contextualización.....	1
2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	1
3.- Obxectivos.....	1
4.- Contidos.....	1
4.1.- Secuenciación de contidos.....	1
5.- Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	1
5.1.- Temporalización.....	1
5.2.- Mínimos esixibles para superar a materia.....	1
5.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación.....	1
6.- Metodoloxía didáctica.....	1
7.- Materiais e recursos didácticos.....	1
8.- Avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	1
9.- Avaliación do proceso do ensino e a práctica docente.....	2
10.- Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas.	2
11.- Procedementos que lle permitan ó alumnado acreditar os coñecementos necesarios (BAC).....	2
12.- Avaliación inicial.....	2
12.1.- Medidas individuais ou colectivas a adoptar en función dos resultados.....	2
13.- Medidas de atención á diversidade.....	2
14.- Elementos transversais.....	2
15.- Actividades Complementarias e extraescolares.....	2
16.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación.....	2

1. Introducción e contextualización

A presente programación vaise aplicar ao alumnado do I.E.S. Maximino Romero de Lema que cursa durante o curso 2016-17 algunha das materias seguintes:

- Economía (1º Bacharelato)
- Economía da empresa (2º Bacharelato)
- Fundamentos de Administración e Xestión (2º Bacharelato)
- Empresa e Iniciativa Emprendedora (Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes, ou SIMIRE)
- Formación e Orientación Laboral (Ciclo Medio SIMIRE)

O centro educativo está localizado na parroquia de Baio, que pertence ao concello de Zas (comarca Terra de Soneira), e recibe alumnado principalmente dos concellos de Zas, Laxe, Cabanas e Vimianzo.

O concello de Zas conta con pouco menos de 5000 habitantes. As actividades económicas que empregan a máis poboación son, no sector primario, á gandería e á agricultura, e no terciario, a venda de automóviles (concesionarios multimarca) e o turismo, particularmente nos meses de verán.

O alumnado matriculado no centro para o curso 2016-17 é o seguinte:

- 1º ESO: 11 alumnos
- 2º ESO: 20 alumnos
- 3º ESO: 19 alumnos
- 4º ESO: 19 alumnos
- 1º Bacharelato: 33 alumnos, dos que 19 escolleron a opción de Ciencias e os 14 restantes, Humanidades
- 2º Bacharelato: 50 alumnos, repartidos en Ciencias (34) e Humanidades (16)
- 1º Ciclo Medio SIMIRE: 25 alumnos matriculados en Formación e Orientación Laboral
- 2º Ciclo Medio SIMIRE: 11 alumnos matriculados en Empresa e Iniciativa Emprendedora
- 1º Formación Profesional Básica de Informática de Oficina: 28 alumnos
- 2º F.P. Básica de Informática de Oficina: 14 alumnos, dos que 4 repiten curso

Hai matriculados 14 alumnos en Economía e 5 en Economía da empresa.

En Fundamentos de Administración e Xestión hai 6 alumnos, dos que 3 cursan tamén Economía da empresa.

En 1º curso do Ciclo Medio de SIMIRE hai matriculado un alumno con parálise cerebral, que conta cunha flexibilidade curricular.

O claustro está formado por 34 profesores.

MATERIAS DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA PARA O CURSO 2016-17

RECOLLIDAS NESTE DOCUMENTO:

Programación de Economía páxina 3

Programación de Economía da empresa páxina 48

Programación de Fundamentos de Administración e Xestión páxina 85

PROGRAMACIÓN DE ECONOMÍA

1. Introducción

Esta materia troncal de opción ten asignadas 4 sesións semanais. Hai 14 alumnos matriculados.

2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Moitas das actividades propostas nas unidades didácticas están contextualizadas e relacionadas coa vida cotiá, co fin de facilitar a aplicación e transferencia do aprendido na aula. Fomentarase o traballo colaborador e a lectura de noticias de contido económico nos xornais e revistas. A partir de noticias de economía terán lugar debates, que ademais de permitir aplicar o aprendido e ser motivadores, facilitan o adestramento das habilidades sociais.

As competencias que a LOMCE establece que debe contribuír a desenvolver a educación son tratadas en Economía da seguinte maneira:

a. Comunicación lingüística. Desenvólvese mediante a lectura de xornais, a terminoloxía propia da Economía, e a realización de debates.

Unidades que contribúen ao desenvolvemento desta competencia: todas, en maior ou menor medida.

b. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Presentarase ao alumnado exercicios que esixen aplicar estratexias para definir problemas, resolvelos, elaborar solucións, analizar resultados, etc.

Unidades que desenvolven a competencia matemática: 4, 8, 14.

c. Competencia dixital. Fomentarase que o alumnado mellore a busca e selección de información en medios dixitais, en diferentes aplicacións e formatos, así como o emprego adecuado desa información.

Todas as unidades didácticas contribúen á consecución desta competencia.

d. Competencia para aprender a aprender. Moitos dos coñecementos que se adquiren a través desta materia teñen un carácter instrumental. Así, os contidos, exercicios, lectura de textos e posterior comentario, debates,... fomentan a análise, as dotes de observación da contorna, a iniciativa e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma.

e. Competencias sociais e cívicas. Esta materia favorece o traballo en grupo para a resolución de actividades fomentando o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto cara a as opinións dos demais. Por outra parte, os coñecementos económicos permiten formarse una opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre os problemas económicos reais.

Todas as unidades contribúen ao logro desta competencia, e especialmente a 15 e a 16.

f. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Os conceptos económicos básicos, que inclúen a elección de recursos, a planificación, a resolución de problemas,... fomentan a iniciativa persoal.

Contribución ao desenvolvemento desta competencia: desde o primeiro día de curso, foméntase que o alumnado propoña actividades ou expoña información económica obtida fora da aula.

3.- Obxectivos

OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

A LOMCE sinala que o Bacharelato ten como finalidade:

- proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia
- capacitar ao alumnado para acceder á educación superior

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellóraa da súa contorna social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

- j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

OBXECTIVOS XERAIS PARA A MATERIA ECONOMÍA

No Bacharelato, a materia de Economía profunda e desenvolve os coñecementos adquiridos na Educación Secundaria Obrigatoria, analizando con máis detalle moitos deles, como o papel do estado na economía, a dinámica dos mercados, a explicación de problemas económicos básicos como a inflación ou o desemprego, para ir introducindo tamén multitude de novos coñecementos, e conformando así una visión ampla y realista del funcionamento do noso sistema económico.

A Economía de Bacharelato serve tamén como introdución á materia de Economía da Empresa que se estuda en 2º de Bacharelato. Introdúcense os elementos básicos para facilitar a comprensión das funcións e o funcionamento das empresas.

Os obxectivos xerais da materia son os seguintes:

1. Identificar e comprender o ciclo da actividade económica.
2. Distinguir os diferentes sistemas económicos e formar un xuízo persoal acerca das vantaxes e inconvenientes de cada un deles.
3. Comprender o funcionamento do sistema de economía de mercado, sinalando as súas vantaxes e inconvenientes, así como as interrelacións entre o sistema e os acontecementos sociais.
4. Describir o funcionamento dos mercados e os seus límites, utilizando ferramentas conceptuais, analíticas e gráficas, e formulando un xuízo crítico do sistema e do papel regulador do sector público.
5. Reflexionar de maneira crítica acerca do funcionamento do sistema financeiro e da necesidade da súa regulación.
6. Manifestar interese por coñecer e interpretar con sentido crítico e solidario os grandes problemas económicos actuais, en especial as desigualdades económicas, a sobreexplotación de recursos naturais e os derivados da globalización da actividade económica.
7. Relacionar feitos económicos significativos co seu contexto social, político, cultural e natural aplicando a reflexión ás situacións cotiás, formulando xuízos de valor fundamentados.
8. Coñecer e comprender os trazos característicos da situación e perspectivas da economía española e galega, analizando os efectos da súa integración ou participación no contexto económico internacional, e no europeo en particular.
9. Formular xuízos persoais acerca de problemas económicos de actualidade, comunicar as súas opinións, argumentando con precisión e rigor, e aceptar a discrepancia e os puntos de vista distintos como vía de enriquecemento persoal.
10. Interpretar as mensaxes, datos e informacións de contido económico que aparecen nos medios de comunicación ou Internet sobre desaxustes económicos actuais e contrastar medidas correctoras de política económica que se propoñan, formulando xuízos persoais sobre as mesmas e comprendendo que as decisións implican en ocasións ter que elixir entre obxectivos en parte contraditorios, para os diferentes axentes económicos.
11. Analizar e valorar criticamente as repercusións do crecemento económico sobre o medio ambiente e a calidade de vida das persoas, e recoñecer a importancia que ten para a sociedade a consecución de obxectivos de desenvolvemento sustentable.
12. Coñecer a realidade económica e social do entorno, abordando de forma autónoma e razoada os seus problemas económicos, utilizando os procedementos de indagación das ciencias sociais e diversas fontes e medios de información, entre eles as tecnoloxías da información e comunicación. Trasladar esta reflexión ás situacións cotiás nas que se desenvolve o alumnado.

13. Coñecer e comprender o uso e significado das principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país ou rexión.
14. Reflexionar acerca da conveniencia ou non, da intervención da Administración pública na economía, e dos seus efectos.

4.- SECUENCIACIÓN POR UNIDADES

UNIDADE 1: O PROBLEMA BÁSICO DA ECONOMÍA

4.1.1.- Obxectivos

- Recoñecer o problema básico da economía
- Diferenciar necesidades primarias e secundarias
- Diferenciar os tipos de bens segundo diferentes criterios
- Comprender o custo de oportunidade asociado ás decisións económicas e o modelo da FPP

4.1.2. Contidos

4.1.2.1. Conceptos

- Escaseza de recursos
- Necesidades humanas
- Principios económicos
- Sectores económicos
- Modelo da FPP
- Aproximación ao pensamento económico, dende a fisiocracia ata Keynes e Milton Friedman

4.1.2.2. Procedementos

- Sinalar exemplos representativos do problema económico básico
- Identificación do custo de oportunidade en intereses vinculados ao alumnado
- O alumnado aporta exemplos de bens complementarios, substitutivos, de produción,...
- Lectura e comentario de fragmentos de textos nos que están en xogo principios económicos
- Representación da FPP
- Lectura dun texto sobre o pensamento económico de Keynes
- Vídeo dunha entrevista a Milton Friedman

4.1.2.3. Actitudes

- Recoñecer o reparto desigual de recursos

4.1.3. Criterios de avaliación

- Diferenciar os tipos de bens
- Identificar o custo de oportunidade e a aplicación dos principios económicos vistos
- Clasificar diversas actividades económicas segundo o sector económico
- Representar a FPP
- Comprender os aspectos básicos do pensamento de Adam Smith, Marx, Keynes e Milton Friedman

4.1.4. Temporalización

6 sesións.

4.1.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Recoñece a escaseza, a necesidade de elixir e de tomar decisións como elementos máis determinantes que afrontar na economía, diferenciando as actividades económicas das que non o son.
- Identifica as dúas posturas enfrontadas sobre a intervención o no del estado en la economía.
- Identifica o custo de oportunidade implícito nas decisións.

UNIDADE 2: A PRODUCCIÓN DE BENS E SERVIZOS

4.2.1.- Obxectivos

- Recoñecer os factores de produción en empresas de diferentes sectores económicos
- Comprender a diferenza entre produción e produtividade
- Recoñecer os factores que están detrás da produtividade
- Comprender a relación entre produtividade e eficiencia

4.2.2. Contidos

4.2.2.1. Conceptos

- Os factores de produción
- A división técnica do traballo
- Concepto de eficiencia
- Produtividade e os seus determinantes
- Economía positiva e normativa

4.2.2.2. Procedementos

- Identificar os factores produtivos en diferentes procesos de produción
- Buscar en Internet datos sobre a produtividade en diferentes países e investigar as causas
- Aportar exemplos que ilustren como inflúe a dotación de factores produtivos na especialización dunha rexión ou país nunha actividade económica concreta

4.2.2.3. Actitudes

- Concienciación sobre a necesidade da eficiencia na empresa e na vida diaria

4.2.3. Criterios de avaliación

- Enumerar os factores de produción e diferentes empresas
- Relacionar os conceptos de produción potencial e crecemento económico, e de eficiencia e produtividade

4.2.4. Temporalización

6 sesións

4.2.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Valora a división do traballo como elemento clave no desenvolvemento económico
- Diferencia os conceptos de produción, produtividade e eficiencia
- Identifica os factores de produción de diferentes empresas

UNIDADE 3: AXENTES E SISTEMAS ECONÓMICOS

4.3.1.- Obxectivos

- Explicar as funcións dos diferentes axentes económicos e as relacións entre eles

- Coñecer os obxectivos, funcións e compoñentes das empresas
- Comprender o concepto de sistema económico a partir das tres preguntas básicas da economía
- Recoñecer as características principais dos sistemas capitalista, planificación central e economía mixta e as vantaxes e inconvenientes de cada un

4.3.2. Contidos

4.3.2.1. Conceptos

- Axentes económicos e fluxo circular da renda
- Problemas básicos da economía
- Sistemas económicos: capitalista, planificación central e mixto. Vantaxes e inconvenientes

4.3.2.2. Procedementos

- Identificación dos problemas económicos básicos
- Busca de información sobre os sistemas económicos
- Representación do fluxo circular da renda

4.3.2.3. Actitudes

- Valorar a importancia do sector público na regulación da economía
- Interese sobre os aspectos negativos do sistema capitalista

4.3.3. Criterios de avaliación

- Describir os axentes económicos e as relacións entre eles
- Caracterizar como responde cada sistema económico ás tres preguntas básicas da economía
- Identificar e comprender as vantaxes de cada sistema

4.3.4. Temporalización

5 sesións

4.3.5. Estándares de aprendizaxe avaliábeis

- Describe o fluxo circular da renda
- Identifica e valora as diferentes respostas que as sociedades dan aos problemas económicos
- Valora os aspectos positivos e negativos dos diferentes sistemas económicos e en particular o de economía mixta e a necesidade de realizar xuízos de valor

UNIDADE 4: A EMPRESA

4.4.1.- Obxectivos

- Calcular e interpretar graficamente os diferentes tipos de custos, e calcular o resultado.
- Comprender os conceptos de eficiencia técnica e eficiencia económica
- Comprender o principio de rendementos decrecentes
- Calcular o limiar de rendibilidade

4.4.2. Contidos

4.4.2.1. Conceptos

- Custos fixos, variables, medios e marxinais. Ingreso medio, marxinal
- Eficiencia técnica e económica
- Limiar de rendibilidade

4.4.2.2. Procedementos

- Elaboración de táboas de custos e ingresos
- Representación gráfica dos diferentes custos e ingresos, e do limiar de rendibilidade
- Exercicios de eficiencia

4.4.2.3. Actitudes

- Valorar a importancia do control dos custos e ingresos para a supervivencia da empresa

4.4.3. Criterios de avaliación

- Definir e calcular custos, ingresos, e resultados positivos e negativos
- Caracterizar a eficiencia técnica e a eficiencia económica e resolver exercicios sobre os dous tipos
- Calcular o limiar de rendibilidade e representalo graficamente

4.4.4. Temporalización

6 sesións

4.4.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Determina e interpreta la eficiencia técnica y económica de una empresa a partir de casos presentados.
- Comprende y utiliza diferentes tipos de custos, tanto fixos como variables, totais, medios y margarina, así como representa e interpreta gráficos de custos
- Analiza e interpreta los beneficios de una empresa a partir de supostos de ingresos y custos de un período.

UNIDADE 5: AS FORZAS DO MERCADO

4.5.1.- Obxectivos

- Describir o proceso de formación de prezos de equilibrio de mercado e representar graficamente o equilibrio, situacións de escaseza de oferta e situacións de escaseza de demanda.
- Calcular o prezo e a cantidade de equilibrio, o exceso de oferta e o exceso de demanda. Comprender o concepto de elasticidade, e identificar e calcular os diferentes tipos.
- Empregar os coñecementos adquiridos nesta unidade para interpretar noticias aparecidas en diferentes medios de comunicación

4.5.2. Contidos

4.5.2.1. Conceptos

- Función de demanda. Función de oferta
- Proceso de formación de prezos. Equilibrio de mercado
- Elasticidade- prezo. Elasticidade-renda. Elasticidade-cruzada
- Representación gráfica de todo o anterior

4.5.2.2. Procedementos

- Análise e representación gráfica das funcións de oferta e demanda
- Observación do funcionamento do mercado de varios bens
- Resolución de exercicios de cálculo de equilibrio e elasticidade

4.5.2.3. Actitudes

- Valorar criticamente as vantaxes e inconvenientes do mercado como asignador de bens e como

mecanismo de formación de prezos

4.5.3. Criterios de avaliación

- Coñecer os factores que determinan a oferta e a demanda
- Explicar, calcular e representar graficamente o proceso de formación de prezos de mercado
- Calcular a elasticidade-prezo, a elasticidade-renda e a elasticidade cruzada e representalas graficamente
- Aplicar o concepto de elasticidade para interpretar supostos sinxelos de cambios de prezos e cantidades, e analizar o comportamento dos produtores en relación coa fixación dos prezos

4.5.4. Temporalización

7 sesións

4.5.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Expresa o funcionamento da oferta e da demanda nos mercados.
- Resolve casos prácticos sobre repercusións de cambios de prezos na demanda e na oferta de bens e servizos
- Analiza las elasticidades de demanda y de oferta, así como os seus efectos en la demanda y la oferta en los mercados.
- Realiza correctamente representacións gráficas anterior

UNIDADE 6: MODELOS DE MERCADO

4.6.1.- Obxectivos

- Describir as características dos mercados de competencia perfecta e representar graficamente as curvas de demanda dunha empresa individual e do mercado
- Coñecer as características dos mercados de competencia imperfecta: competencia monopolística, oligopolio e monopolio, e identificar o seu funcionamento
- Coñecer situacións de interdependencia empresarial e as estratexias que seguen as empresas oligopolistas
- Coñecer os tipos de monopolio
- Identificar situacións de competencia imperfecta en noticias reais sobre empresas

4.6.2. Contidos

4.6.2.1. Conceptos

- Características dos modelos de competencia perfecta, monopolística, oligopolio e monopolio
- Representación gráfica das curvas de oferta e demanda
- As estratexias empresariais. A teoría dos xogos
- Vantaxes e inconvenientes de cada modelo de mercado

4.6.2.2. Procedementos

- Análise comparativa dos diferentes tipos de mercado, identificando os seus trazos diferenciais
- Identificación e clasificación de exemplos concretos de mercados de bens e servizos dentro dun modelo de mercado
- Realización de pequenas investigacións sobre mercados e empresas da contorna
- Reflexión e debate sobre as vantaxes e inconvenientes de cada modelo
- Aplicación da teoría dos xogos á análise de estratexias

4.6.2.3. Actitudes

- Curiosidade por entender o funcionamento dos diferentes tipos de mercado
- Recoñecemento da importancia da competencia como factor que favorece aos consumidores

- Valoración crítica cara a as prácticas anti-competencia

4.6.3. Criterios de avaliación

- Explicar e representar graficamente as características e o comportamento das empresas segundo a estrutura de mercado na que operan
- Comparar os trazos diferenciais das diferentes estruturas
- Valorar criticamente as vantaxes e inconvenientes de cada tipo
- Comprender a interdependencia das decisións empresariais

4.6.4. Temporalización

6 sesións

4.6.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Analiza o funcionamento do mercado de competencia perfecta, exemplificándoo con casos reais del entorno máis inmediato.
- Analiza el funcionamento del monopolio, exemplificándoo con casos reais del entorno máis inmediato.
- Valora, de forma crítica, os efectos que se derivan do monopolio.
- Analiza el funcionamiento del mercado oligopolista, exemplificándoo con casos reais del entorno máis inmediato.
- Valora, de forma crítica, as prácticas empresariais que atentan contra a competencia

UNIDADE 7: O MERCADO DE TRABALLO

4.7.1.- Obxectivos

- Explicar os grupos de poboación en función do seu acceso ao traballo, diferenciando entre poboación activa, e inactiva, ocupada e desempregada
- Comprender as características e variables que afectan á oferta e demanda de traballo
- Describir as causas que orixinan o desemprego segundo diferentes correntes de pensamento
- Explicar as políticas de emprego
- Describir a evolución do mercado de traballo, e identificar os novos xacementos de emprego

4.7.2. Contidos

4.7.2.1. Conceptos

- Poboación activa, inactiva, ocupada, desempregada
- Taxa de actividade e de paro
- Representación gráfica do mercado de traballo
- Desemprego: causas e tipos
- Políticas de emprego. Consecuencias de cada medida de fomento de emprego

4.7.2.2. Procedementos

- Lectura e interpretación de datos estadísticos sobre poboación activa e desemprego
- Reflexión do alumnado organizado en equipos, sobre cada medida de estímulo do emprego
- Exemplificación de cambios socioeconómicos e tecnolóxicos que afectan directamente ao emprego

4.7.2.3. Actitudes

- Sensibilidade ante o fenómeno do desemprego e sobre a súa especial incidencia en determinados colectivos
- Interese por indagar nas causas que explican o problema do desemprego

4.7.3. Criterios de avaliación

- A partir de táboas estadísticas, analizar os datos de poboación activa, ocupada, desempregada, inactiva
- Representar o mercado de traballo
- Determinar a taxa de actividade e a taxa de paro
- Describir as causas do desemprego e os tipos
- Explicar as medidas de fomento do emprego e valorar as consecuencias de cada unha

4.7.4. Temporalización

6 sesións

4.7.5. Estándares de aprendizaxe avaliábeis

- Realiza a clasificación de la poboación utilizando datos estadísticos, desde el punto de vista económico; para utilizala como indicador de la situación económica de un país.
- Recoñece as imperfeccións do mercado de traballo.
- Identifica las diferentes clases de desemprego.
- Recoñece as causas del desemprego segundo las diferentes teorías económicas.
- Valora las diferentes políticas de loita contra el desemprego.

UNIDADE 8: INDICADORES MACROECONÓMICOS

4.8.1.- Obxectivos

- Diferenciar macroeconomía e microeconomía e identificar os principais problemas macroeconómicos
- Describir que é o PIB e como se mide, especificando que aspectos se recollen nel e cales quedan fora da súa medición
- Explicar as magnitudes que se derivan do PIB
- Diferenciar PIB nominal e PIB realización
- Recoñecer o problema da distribución da renda

4.8.2. Contidos

4.8.2.1. Conceptos

- Macroeconomía e Microeconomía
- Os problemas macroeconómicos básicos
- Medición do PIB, PNN, Renda Nacional, Renda Dispoñible, Renda per capitalista
- PIB e calidade de vida
- A distribución da renda
- Renda e riqueza

4.8.2.2. Procedementos

- Cálculo e interpretación de datos macroeconómicos reais e nominais
- Análise de datos do PIB de diferentes países
- Valoración do PIB como indicador
- Lectura de información sobre crecemento económico en varios países

4.8.2.3. Actitudes

- Interese polos datos de crecemento económico
- Valorar criticamente o PIB

4.8.3. Criterios de avaliación

- Explicar que mide e que non mide o PIB, e describir os métodos de cálculo, diferenciando PIB

nominal e real

- Analizar as relacións entre PIB e outras magnitudes derivadas e calculalas, interpretando o seu significado

4.8.4. Temporalización

7 sesións

4.8.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Identifica el PIB y cada uno de los elementos que lo integran, sendo capaz de interpretar esta información contida en gráficos que mostran a súa evolución en el tempo.
- Identifica las diferencias que existen entre las diferentes formas de expresar el PIB. Analiza la formación bruta de capital como un factor que inflúe no crecemento y el desenvolvemento económico.
- Valora, interpreta y comprende los datos del PIB expresados en términos nominais y reais.
- Valora, interpreta y comprende las limitacións do PIB para medir la situación económica y la calidade de vida de un país.

UNIDADE 9: A INTERVENCIÓN DO ESTADO NA ECONOMÍA

4.9.1.- Obxectivos

- Comprender o papel que desempeña o Estado na corrección dos fallos de mercado e poñer exemplos
- Analizar e avaliar o peso do sector público na economía dos países desenvolvidos
- Explicar os fallos de mercado
- Recoñecer as principais medidas de política económica, diferenciando entre estruturas e conxunturais, e sinalar exemplos extraídos da actualidade económica
- Recoñecer que as decisións económicas, con frecuencia levan implícito un conflito de valores
- Recoñecer os principios e valores do Estado de bienestar e propoñer medidas razoadas para garantir o seu futuro

4.9.2. Contidos

4.9.2.1. Conceptos

- Os fallos de mercado
- As funcións do sector público
- Políticas económicas conxunturais e estruturas
- Os xuízos de valor
- O Estado de bienestar

4.9.2.2. Procedementos

- Identificación de externalidades negativas e de situacións de falta de competencia no mercado
- Identificación dos valores que guían as decisións económicas
- Valoración do papel da Seguridade Social en España
- Recopilación de informacións nos medios de comunicación sobre a situación do Estado de bienestar en España e noutros países

4.9.2.3. Actitudes

- Sensibilidade ante os fallos de mercado
- Recoñecemento da importancia da Seguridade Social e concienciación da necesidade de adaptala á situación socioeconómica actual para manter o Estado de bienestar

4.9.3. Criterios de avaliación

- Identificar os fallos de mercado e poñer exemplos reais
- Identificar as distintas funcións do sector público dentro dunha economía de mercado
- Identificar as principais políticas económicas e describir como funciona cada unha
- Identificar os principios e valores do Estado de benestar, así como as súas dificultades actuais, e propoñer medidas para garantir o seu futuro

4.9.4. Temporalización

6 sesións

4.9.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Comprende y realiza diferentes clasificacións del sector público.
- Identifica y comprende las diferentes funciones del sector público
- Identifica los diferentes obxectivos del sector público

UNIDADE 10: CONSUMO, AFORRO E INVERSIÓN. A ECONOMÍA SOMERXIDA

4.10.1.- Obxectivos

- Describir os compoñentes da demanda agregada, facendo referencia ao peso de cada un no PIB, e diferenciar entre demanda agregada e PIB
- Explicar os factores que inflúen no consumo e no aforro
- Explicar os factores que inflúen na inversión e o efecto multiplicador na inversión
- Describir a economía somerxada, a súa dimensión e as consecuencias, con especial referencia a España

4.10.2. Contidos

4.10.2.1. Conceptos

- Demanda agregada e oferta agregada. Representación. Relacións co PIB
- Efecto multiplicador da inversión
- Propensión marxinal a consumir e a aforrar. Renda permanente
- Factores que inflúen no consumo e no aforro, e na inversión
- A economía somerxada

4.10.2.2. Procedementos

- Análise das relacións entre os factores que inflúen no consumo, o aforro e a inversión
- Cálculo e interpretación do efecto multiplicador sobre o conxunto da economía
- Representación gráfica da oferta e demanda agregadas e dos cambios nelas
- Interpretación de datos reais sobre consumo e inversión e a súa evolución
- Identificación de actividades encadradas na economía somerxada e valoración crítica dos seus efectos sobre as condicións de vida e de traballo

4.10.2.3. Actitudes

- Valoración do papel que desempeña a inversión sobre o conxunto da economía e os seus efectos sobre o emprego
- Concienciación sobre os efectos negativos da economía somerxada sobre o traballo e as condicións laborais e sobre os servizos públicos

4.10.3. Criterios de avaliación

- Describir os compoñentes da demanda agregada con referencia ao seu peso relativo no PIB español
- Explicar os factores que inflúen no consumo, o aforro e a inversión

- Explicar e calcular o efecto multiplicador da inversión
- Valorar a responsabilidade social na economía somerxida
- Describir as repercusións da economía somerxida sobre as condicións de vida e de traballo

4.10.4. Temporalización

4 sesións

4.10.5. Estándares de aprendizaxe avaliados

- Diferencia entre PIB e demanda agregada
- Describe os efectos da inversión sobre a economía
- Identifica as consecuencias da economía somerxida

UNIDADE 11: AS CONTAS PÚBLICAS

4.11.1.- Obxectivos

- Sinalar exemplos de gasto público, diferenciando gastos reais de gastos de transferencia
- Explicar a diferenza entre déficit e débeda pública
- Explicar os impostos directos e os indirectos e delimitar os elementos dos impostos directos máis importantes
- Definir a presión fiscal e a cuña fiscal
- Explicar en que consiste a política fiscal expansiva e a política fiscal contractiva, a súa utilidade e o funcionamento

4.11.2. Contidos

4.11.2.1. Conceptos

- Tipos de administracións públicas. Os orzamentos públicos
- Evolución do gasto público. Déficit e débeda pública.
- Os ingresos públicos: tributos e cotizacións sociais
- Impostos directos e indirectos. O IRPF, O Imposto de Sociedades. O IVA
- A política fiscal. A presión fiscal

4.11.2.2. Procedementos

- A partir de exemplos concretos, identificación e clasificación de diferentes tipos de ingresos e gastos públicos
- Lectura de extractos dos Orzamentos Xerais do Estado
- Elaboración dun suposto sinxelo de declaración do IRPF
- Análise dos efectos de políticas fiscais
- Lectura de medidas de política fiscal reais e identificación dos obxectivos e valores que perseguen

4.11.2.3. Actitudes

- Interese polo destino dos ingresos públicos
- Toma de conciencia ante os problemas e as consecuencias dunha débeda pública elevada
- Recoñecemento da importancia da política fiscal

4.11.3. Criterios de avaliación

- Diferenciar os niveis en que se divide o sector público en España
- Describir os tipos de gasto público, diferenciando os gastos reais e de transferencia
- Explicar os tipos de ingresos públicos, diferenciando entre impostos directos e indirectos
- Diferenciar entre déficit e débeda pública
- Describir o funcionamento da política fiscal
- Saber realizar unha declaración do IRPF sinxela co programa PADRE

4.11.4. Temporalización

6 sesións

4.11.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Comprende e realiza diferentes clasificacións do sector público.
- Identifica e comprende as diferentes funcións do sector público.
- Identifica e comprende os diferentes obxectivos do sector público.
- Analiza textos sobre déficit, débeda pública e política fiscal.
- Identifica os impostos directos e indirectos e caracteriza o IRPF, o IVA e o IS.

UNIDADE 12: O DIÑEIRO

4.12.1.- Obxectivos

- Explicar a evolución do diñeiro e caracterizar os principais tipos de diñeiro empregados
- Describir as funcións do diñeiro, sinalando exemplos en cada caso
- Enunciar os distintos motivos polo que se demanda diñeiro
- Explicar que factores producen variacións nos tipos de xuro
- Entender a oferta monetaria e os seus agregados
- Comprender a inflación, as súas causas e os efectos sobre a economía e sobre distintos colectivos, Describir o cálculo do IPC
- Comprender a deflación e os seus efectos na economía
- Describir o efecto multiplicador do diñeiro

4.12.2. Contidos

4.12.2.1. Conceptos

- O diñeiro: concepto, evolución e clases
- Funcións do diñeiro
- A oferta monetaria e os seus compoñentes
- A creación do diñeiro bancario e o coeficiente de caixa
- A inflación e os seus tipos. Efectos na economía. Medición da inflación. A deflación

4.12.2.2. Procedementos

- Xustificación da importancia do diñeiro. Compara o mundo actual con épocas pasadas onde non existía o diñeiro fiduciario
- Esquema dos agregados monetarios
- Estudo dun caso de creación de diñeiro bancario
- Elaboración dun índice de prezos sinxelo e cálculo da taxa de inflación
- Lectura de noticias sobre un país cunha inflación elevada e doutro con deflación
- Xogo "Inflation Island", do Banco Central Europeo
- Análise das relacións entre inflación, crecemento, taxa de desemprego e xuro

4.12.2.3. Actitudes

- Recoñecemento da importancia do diñeiro para os intercambios comerciais e a especialización
- Toma de conciencia dos efectos da inflación e da deflación

4.12.3. Criterios de avaliación

- Recoñecer as funcións do diñeiro na economía e sinalar exemplos apropiados en cada caso
- Explicar en que consiste o tipo de xuro e identificar os factores que lle inflúen
- Describir os agregados monetarios ata M4
- Explicar a inflación e a deflación e os seus efectos sobre a economía e sobre diferentes colectivos
- Describir como se mide a taxa de inflación

- Explicar o proceso de creación do diñeiro bancario

4.12.4. Temporalización

7 sesións

4.12.5. Estándares de aprendizaxe avaliados

- Recoñece cales son as funcións do diñeiro.
- Describe o proceso de creación de diñeiro bancario e determina a súa contía
- Describe a oferta monetaria e valora a importancia do seu control
- Valora o papel do sistema financeiro, distinguindo os intermediarios máis importantes que nel actúan, prestando especial atención ao Banco Central Europeo e a bolsa de valores.
 - Recoñece que é o IPC e realiza os cálculos precisos para determinalo.
- Recoñece o concepto de poder adquisitivo e de inflación
- Recoñece o concepto de deflación
- Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais.

UNIDADE 13: O SISTEMA FINANCEIRO E A POLÍTICA MONETARIA

4.13.1.- Obxectivos

- Describir as características dos diferentes intermediarios financeiros, diferenciando bancarios e non bancarios
- Distinguir os distintos tipos de activos financeiros
- Describir os mecanismos básicos do mercado de valores, distinguindo mercado primario e mercado secundario
- Identificar o EURIBOR como o interese de referencia da zona euro
- Explicar en que consiste a política monetaria, diferenciando o seu carácter expansivo ou contractivo
- Interpretar informacións de actualidade relativas a movementos bolsistas e rendibilidade de activos financeiros

4.13.2. Contidos

4.13.2.1. Conceptos

- Funcións do sistema financeiro
- Intermediarios financeiros: tipos e funcións
- Activos financeiros
- Os mecanismos básicos da Bolsa
- A política monetaria: instrumentos e efectos sobre a economía

4.13.2.2. Procedementos

- Análise de diferentes activos financeiros, facendo fincapé nas accións e nos empréstitos
- Lectura e interpretación de noticias da Bolsa de Valores
- A partir dun ou varios artigos dun xornal, valorar a conveniencia de levar a cabo unha política monetaria expansiva ou contractiva

4.13.2.3. Actitudes

- Recoñecemento da importancia do sistema financeiro
- Valoración da importancia do mercado de valores como instrumento de financiamento das empresas

4.13.3. Criterios de avaliación

- Describir as funcións do sistema financeiros
- Coñecer que son activos financeiros e cales son as súas características
- Identificar os mecanismos básicos do mercado de valores
- A partir de información económica, explicar o mecanismo da política monetaria

4.13.4. Temporalización

7 sesións

4.13.5. Estándares de aprendizaxe avaliados

- Valora, interpreta e comprende as diferentes políticas micro e macroeconómicas, e o papel do Banco Central Europeo, no que se refire a política monetaria.
- Comprende os mecanismos de transmisión da política monetaria
- Caracteriza os activos financeiros máis importantes

UNIDADE 14: O COMERCIO INTERNACIONAL

4.14.1.- Obxectivos

- Explicar en que consisten as vantaxes comparativas e absolutas que xustifican o comercio entre países
- Sinalar as principais medidas proteccionistas e comprender a razón da súa existencia
- Coñecer como se rexistran as operacións de comercio internacional
- Interpretar o resumo da balanza de pagos española
- Coñecer os factores que afectan á apreciación e depreciación dunha moeda

4.14.2. Contidos

4.14.2.1. Conceptos

- Teorías do comercio internacional
- Os tipos de cambio: concepto, factores que o determinan, sistemas de fixación
- Causas e efectos da apreciación e da depreciación dunha moeda
- A balanza de pagos: concepto, subbalanzas, rexistro e implicacións dun déficit/superávit por conta corrente e/ou por conta de capital

4.14.2.2. Procedementos

- Lectura e interpretación das notas de prensa sobre a balanza de pagos española
- Rexistro dunha serie de datos de comercio internacional nunha balanza de pagos sinxela e interpretación do resultado
- Análise e interpretación das causas e os efectos sobre a economía do país da depreciación ou apreciación da súa moeda

4.14.2.3. Actitudes

- Recoñecemento das vantaxes do comercio internacional

4.14.3. Criterios de avaliación

- Xustificar as razóns que impulsan o comercio internacional
- Identificar os distintos apartados da balanza de pagos española
- Describir o mecanismo de intercambio das moedas a partir dos tipos de cambio e identificar os diferentes sistemas de tipos de cambio
- Explicar os factores que afectan á apreciación ou depreciación dunha moeda

4.14.4. Temporalización

7 sesións

4.14.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Valora os cambios máis recentes no escenario económico mundial causados polo desenvolvemento do comercio internacional, identificando as circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican.
- Diferencia e valora as medidas proteccionistas ou librecambistas como ferramentas para solucionar problemas económicos, expresando as razóns que xustifican o intercambio económico entre países.
- Valora, interpreta e comprende as balanzas de pagos como indicadores da situación económica dun país, e como medidores dos fluxos comerciais internacionais.
- Resolve casos prácticos de investimento en países cunha moeda diferente

UNIDADE 15: A GLOBALIZACIÓN DA ECONOMÍA

4.15.1.- Obxectivos

- Identificar as formas de integración rexional entre países
- Xustificar os efectos da integración entre países
- Describir as institucións principais da Unión Europea e as políticas económicas comúns levadas a cabo nela
- Explicar en que consiste a globalización, as súas características e as consecuencias positivas e negativas

4.15.2. Contidos

4.15.2.1. Conceptos

- Procesos de integración económica
- A Unión Europea: institucións, políticas económicas e fondos estruturais
- A globalización: concepto, causas e consecuencias

4.15.2.2. Procedementos

- Visitar a páxina da Unión Europea para comentar as institucións básicas e as actuacións en diferentes campos
- Consultar as webs doutras zonas de integración, como MERCOSUR
- Reflexión sobre as vantaxes e os inconvenientes da globalización

4.15.2.3. Actitudes

- Recoñecer a importancia da política de cohesión económica e social da UE para compensar os desequilibrios entre rexións
- Valoración crítica dalgúns aspectos da globalización

4.15.3. Criterios de avaliación

- Distinguir as formas que pode adoptar un proceso de integración económica
- Coñecer as políticas máis importantes levadas a cabo pola UE
- Describir o fenómeno da globalización e os tipos, e sinalar as súas vantaxes e inconvenientes

4.15.4. Temporalización

5 sesións

4.15.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Identifica as diferentes formas de integración rexional
- Explica e reflexiona sobre o proceso de integración económica producido na Unión Europea, valorando as repercusións e implicacións para España nun contexto global.
- Analiza o fenómeno da globalización e as súas consecuencias positivas e negativas.

UNIDADE 16: OS GRANDES DESAFÍOS DA ECONOMÍA ACTUAL

4.16.1.- Obxectivos

- Explicar cales son os fallos de mercado a nivel internacional
- Describir as características dos países en vías de desenvolvemento
- Elaborar xuízos sobre a situación actual da desigualdade no mundo
- Establecer as causas do subdesenvolvemento económicos
- Analizar como o modelo de crecemento económico e de consumo inflúe no deterioro do medio ambiente
- Identificar as causas e consecuencias da emigración na actualidade

4.16.2. Contidos

4.16.2.1. Conceptos

- Os fallos de mercado a nivel internacional
- Desenvolvemento e desigualdade. Causas do subdesenvolvemento
- Características dos países subdesenvolvidos
- Efectos da actividade económica e do consumo sobre o medio ambiente
- A emigración: causas e consecuencias

4.16.2.2. Procedementos

- Consulta da web do Banco Mundial e análise de datos socioeconómicos de diversos países
- Cálculo do IDH de varios países
- Análise de artigos de prensa sobre a emigración na actualidade
- Reflexión sobre os patróns de consumo

4.16.2.3. Actitudes

- Solidariedade ante o reparto desigual dos recursos
- Concienciación da necesidade do consumo responsable e do crecemento sustentable
- Valoración da achega dos inmigrantes ao país de acollida

4.16.3. Criterios de avaliación

- Comprender as características dos países desenvolvidos
- Entender as causas do desenvolvemento
- Valorar os efectos do crecemento económico sobre o medio ambiente
- Coñecer as causas e consecuencias da emigración

4.16.4. Temporalización

4 sesións

4.16.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Identifica os trazos que caracterizan aos países pobres.
- Identifica os factores que inflúen no desenvolvemento económico, e os beneficios que este supón, recoñecendo tamén as súas consecuencias negativas.
- Describe e reflexiona sobre as implicacións e efectos da globalización económica nos países

subdesenvolvidos, identificando os factores que dificultan o crecemento económico dos países pobres.

- Describe os programas e actuacións que a comunidade internacional realiza para que os países en vías de desenvolvemento poidan resolver os seus problemas económicos e así poder crecer e progresar.

- Reflexiona sobre as consecuencias do crecemento económico e da actividade das empresas en xeral no medio ambiente e na calidade de vida, desenvolvendo actitudes positivas.

- Identifica alternativas para abordar a resolución de problemas económicos nos países pobres, utilizando exemplos actuais no entorno.

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.1.1. Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Mecanismos de asignación de recursos. ▪ B1.3. Análise e comparación dos sistemas económicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.2.1. Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.2.2. Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.2.3. Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. ▪ B1.5. Principios na toma de decisións económicas. ▪ B1.6. Modelos económicos. Economía positiva e normativa. ▪ B1.7. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.3.1. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.3.2. Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD

Economía. 1º de bacharelato				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Información económica: interpretación de datos e gráficos.			
Bloque 2. A actividade produtiva				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l ▪ m ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Proceso produtivo e factores de produción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Analizar as características principais do proceso produtivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.1.1. Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. División técnica do traballo, produtividade e interdependencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Explicar as razóns do proceso de división técnica do traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.2.1. Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.2.2. Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Globalización: cambios no sistema produtivo ou na organización da produción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.3.1. Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ i ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Empresa: obxectivos e funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Expresar os obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.4.1. Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Eficacia, eficiencia e efectividade. ▪ B2.6. Eficiencia na produción: eficiencia técnica e económica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Custos de produción. Cálculo e análise dos custos de produción e dos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.6.2. Calcula, analiza e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	beneficios.		interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período.	▪ CD
▪ i ▪ l ▪ m	▪ B2.8. Función de produción.	▪ B2.7. Analizar, representar e interpretar a función de produción dunha empresa a partir dun caso dado.	▪ ECB2.7.1. Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados.	▪ CMCCT ▪ CD
Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos				
▪ i ▪ l ▪ m	▪ B3.1. Curva de demanda. Movementos ao longo da curva de demanda e desprazamentos na curva de demanda. Elasticidade da demanda. ▪ B3.2. Curva de oferta. Movementos ao longo da curva de oferta e desprazamentos na curva da oferta. Elasticidade da oferta. ▪ B3.3. Equilibrio do mercado.	▪ B3.1. Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades demandadas e ofertadas de bens e servizos en función de distintas variables.	▪ ECB3.1.1. Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados.	▪ CMCCT ▪ CD
			▪ ECB3.1.2. Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda.	▪ CMCCT ▪ CCL
			▪ ECB3.1.3. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais.	▪ CMCCT ▪ CD
▪ a ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m	▪ B3.4. Estructuras de mercado e modelos de competencia. ▪ B3.5. Competencia perfecta. Competencia imperfecta. Monopolio. Oligopolio. Competencia monopolística.	▪ B3.2. Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así como as súas consecuencias para os/as consumidores/as, as empresas ou os estados.	▪ ECB3.2.1. Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas.	▪ CMCCT ▪ CCL
			▪ ECB3.2.2. Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato.	▪ CAA ▪ CSC
			▪ ECB3.2.3. Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervinientes nos diversos mercados.	▪ CSC
Bloque 4. A macroeconomía				
▪ g ▪ h ▪ i	▪ B4.1. Macromagnitudes: produción. Renda. Gasto.	▪ B4.1. Distinguir as principais magnitudes macroeconómicas, operar con elas e analizar as súas	▪ ECB4.1.1. Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.	▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ l	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Equilibrio macroeconómico: demanda e oferta agregadas. ▪ B4.3. Inflación e tipos de xuro. ▪ B4.4. Os vínculos dos problemas macroeconómicos e a súa interrelación. 	interrelacións, valorando os inconvenientes e as limitacións que presentan como indicadores da calidade de vida.	▪ ECB4.1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e utilízalas para establecer comparacións con carácter global.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
			▪ ECB4.1.3. Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida.	▪ CSC
▪ g ▪ i ▪ l	▪ B4.5. Indicadores do desenvolvemento da sociedade: as macromagnitudes e as súas limitacións.	▪ B4.2. Interpretar datos e indicadores económicos básicos e a súa evolución.	▪ ECB4.2.1. Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
			▪ ECB4.2.2. Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e recoñece os métodos de estudo utilizados por economistas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD
			▪ ECB4.2.3. Opera con variables económicas mediante aplicacións informáticas, analízalas e interpréталas, e presenta as súas valoracións de carácter persoal.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
▪ a ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m	▪ B4.6. Mercado de traballo. Desemprego: tipos e causas.	▪ B4.3. Valorar a estrutura do mercado de traballo e a súa relación coa educación e a formación, analizando de xeito especial o desemprego.	▪ ECB4.3.1. Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
			▪ ECB4.3.2. Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			▪ ECB4.3.3. Investiga e recoñece vieiros de ocupación e tendencias de emprego.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD
▪ a ▪ g ▪ h ▪ i ▪ l ▪ p	▪ B4.7. Políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.	▪ B4.4. Estudar as opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte á inflación e ao desemprego.	▪ ECB4.4.1. Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE
Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía				
▪ i	▪ B5.1. O diñeiro	▪ B5.1. Recoñecer o	▪ ECB5.1.1. Analiza e explica o	▪ CSC

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ l	na economía: tipoloxía e funcionamento . ▪ B5.2. Proceso de creación do diñeiro.	proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma en que estes se miden.	funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía.	▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL
▪ a ▪ d ▪ h ▪ i ▪ l	▪ B5.3. Teorías explicativas da inflación.	▪ B5.2. Describir as teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre os/as consumidores/as, as empresas e o conxunto da economía.	▪ ECB5.2.1. Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais.	▪ CSC ▪ CD
▪ i ▪ l	▪ B5.4. Sistema financeiro. Novas formas de financiamento.	▪ B5.3. Explicar o funcionamento do sistema financeiro e coñecer as características dos seus principais produtos e mercados.	▪ ECB5.3.1. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que o compoñen.	▪ CAA ▪ CSC ▪ CD
▪ a ▪ d ▪ h ▪ i ▪ l	▪ B5.5. Política monetaria: instrumentos.	▪ B5.4. Analizar os tipos de política monetaria.	▪ ECB5.4.1. Razona de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política monetaria e o seu impacto económico e social.	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC
▪ i ▪ l ▪ a ▪ h ▪ i ▪ l	▪ B5.6. Banco Central Europeo. ▪ B5.7. Mecanismos da oferta e demanda monetaria: efectos sobre os tipos de xuro.	▪ B5.5. Identificar o papel do Banco Central Europeo e a estrutura da súa política monetaria.	▪ ECB5.5.1. Identifica os obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo, eazona sobre o seu papel e o seu funcionamento. ▪ ECB5.5.2. Describe os efectos das variacións dos tipos de xuro na economía.	▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CCL
Bloque 6. O contexto internacional da economía				
▪ g ▪ i ▪ l	▪ B6.1. Comercio internacional: causas e teorías. ▪ B6.2. Balanza de pagamentos, con especial referencia á española.	▪ B6.1. Analizar os fluxos comerciais entre dúas economías.	▪ ECB6.1.1. Identifica e describe os fluxos comerciais internacionais.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CMCCT
▪ a	▪ B6.3. Cooperación e	▪ B6.2. Examinar os procesos de integración	▪ ECB6.2.1. Explica o proceso de cooperación e integración	▪ CSC

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	integración económica. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Unión Europea (UE). 	económica e describir os pasos que se produciron no caso da Unión Europea.	económica producido na Unión Europea, e reflexiona para valorar as repercusións e as implicacións para España nun contexto global.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ h ▪ j ▪ l ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Globalización económica e financeira: causas e consecuencias . ▪ B6.6. Organismos económicos internacionais: mecanismos de regulación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Analizar e valorar as causas e as consecuencias da globalización económica, así como o papel dos organismos económicos internacionais na súa regulación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB6.3.1. Expressa as razóns que xustifican o intercambio económico entre países. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB6.3.2. Describe as implicacións e os efectos da globalización económica nos países e reflexiona sobre a necesidade da súa regulación e da súa coordinación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC
Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Ciclos económicos: crises na economía. ▪ B7.2. Políticas macroeconómicas de crecemento, estabilidade e desenvolvemento. ▪ B7.3. Ambiente: recurso sensible e escaso. ▪ B7.4. Pobreza e subdesenvolvemento: causas e posibles vías de solución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Reflexionar sobre o impacto do crecemento e as crises cíclicas na economía e os seus efectos na calidade de vida das persoas, o ambiente e a distribución da riqueza a nivel local e mundial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB7.1.1. Identifica e analiza os factores e as variables que inflúen no crecemento económico, no desenvolvemento e na redistribución da renda. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB7.1.2. Diferencia os conceptos de crecemento e de desenvolvemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB7.1.3. Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, sobre o ambiente e sobre a calidade de vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB7.1.4. Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB7.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB7.1.6. Desenvolve actitudes positivas en relación co ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na toma de decisións económicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB7.1.7. Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso, que 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			proporciona inputs e recolle refugallo e residuos, o que supón valorar os custos asociados.	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB7.1.8. Recoñece a evolución cíclica da actividade económica, describe as fases, as representa graficamente e considera as súas consecuencias sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.5. Política fiscal e orzamentos públicos. ▪ B7.6. O Estado na economía: funcións. ▪ B7.7. Os fallos do mercado e a intervención do sector público. ▪ B7.8. Redistribución de renda e riqueza: igualdade de oportunidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e as funcións do Estado nos sistemas de economía de mercado, e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu papel na actividade económica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB7.2.1. Distingue e explica as funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB7.2.2. Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e os seus efectos para os axentes que interveñen na economía, e as opcións de actuación por parte do Estado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB7.2.3. Clasifica e describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD

5.1.- Temporalización por trimestres

O programa de Economía está dividido en 16 unidades. A temporalización é a seguinte:

1º trimestre: unidades 1-6

2º trimestre: unidades 7-12

3º trimestre: unidades 13-16

5.2.- Mínimos esixibles para superar a materia

- Custo medio e marxinal, custo de oportunidade,
- Ingreso medio e marxinal
- Determinación de custos, ingresos e resultados, limiar de rendibilidade
- Elasticidade: concepto e determinación
- Competencia perfecta, competencia imperfecta, oligopolio, monopolio
- Determinación do PIB e doutras magnitudes macroeconómicas relacionadas
- Tributos. Impostos directos e indirectos. IRPF, Imposto de Sociedades, IVA
- Como se manifesta a intervención do Estado na economía
- Compoñentes da balanza de pagos e a súa elaboración
- Determinar o resultado de operacións sinxelas de inversión nunha moeda estranxeira
- Características dos países pobres
- A integración rexional: tipos; as máis importantes
- Describir o funcionamento das políticas conxunturais e estruturais
- Comprender o proceso de creación de diñeiro bancario
- Comprender os conceptos de poboación activa, poboación inactiva, taxa de paro,...
- Comprender artigos de contido económico publicados en xornais xeneralistas

5.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación

Os instrumentos de avaliación son:

- a corrección de exercicios individuais: resolución de problemas, claridade da exposición, expresión escrita,...
- a participación no desenvolvemento da clase e nos debates: expresión oral, manexo adecuado dos conceptos,...
- a exposición dos traballos individuais e/ou en grupo: selección e recollida de información, estruturación da mesma, análise de datos, explicación dos fenómenos económicos,...
- as probas escritas

6.- Metodoloxía didáctica

Debe favorecer no alumnado:

- que aprenda por si mesmo
- o traballo en equipo
- o emprego dos métodos apropiados de investigación

Ademais, é importante suliñar a relación entre os aspectos teóricos das materias e a súa funcionalidade.

A finalidade propedéutica e orientadora do Bacharelato esixe o traballo con metodoloxías específicas e un importante grado de rigor científico.

Por todo o anterior, os criterios metodolóxicos a seguir na impartición de materia en 1º e 2º de Bacharelato son os seguintes:

- Adaptación ás características do alumnado de Bacharelato, ofrecendo actividades diversificadas adaptadas ás capacidades intelectuais propias da etapa.
- Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- Actividade: fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.
- Motivación: procurar despertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
- Integración e interdisciplinidade: presentar os contidos cunha estrutura clara, formulando as interrelacións entre os contidos da Economía e os doutras disciplinas afíns (Historia, Matemáticas, etc..)
- Rigor científico e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
- Funcionalidade: fomentar a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación á contorna, co fin de garantir a funcionalidade das aprendizaxes en dous sentidos: desenvolver capacidades para posteriores adquisicións e aplicalas na vida cotiá.
- Variedade na metodoloxía, para adaptarse ás peculiaridades de aprendizaxe de cada alumno.

7.- Materiais e recursos didácticos

- O alumnado pode consultar os libros de texto publicados por diferentes editoriais (Anaya, SM, Santillana, McGraw Hill,...) dispoñibles no departamento de Economía do centro.
- Artigos xornalísticos na Internet
- Diversas webs: Banco Mundial, Ministerio de Industria, Banco Central Europeo, Consellería de Economía, ...
- Blogs de Economía
- Documentais: "Inside job", "Fíos fóra"

A aula de 1º Bacharelato está dotada de ordenador con conexión a Internet, proxector e tableiro dixital. O centro dispón dunha aula dotada con ordenadores dispoñible baixo reserva.

8.- Avaliación, cualificación e promoción do alumnado

A nota da avaliación estará formada por:

80% a nota media dos exames do trimestre

20% a cualificación dos exercicios realizados e traballos expostos

Realizaranse 5 exames:

- 1º trimestre: 2

- 2º trimestre: 2

- 3º trimestre: 1

Para superar un trimestre, o alumnado debe obter ao menos o 50% da puntuación máxima posible nos exames. Dentro dun mesmo trimestre pódense compensar as notas dos exames se a menos se obtén un 40% de nota respecto á máxima puntuación posible, pero non as notas entre trimestres.

Prevense dúas recuperacións: a do 1º trimestre en xaneiro e a do 2º trimestre en abril. O alumnado terá, ademais, a oportunidade, nunha única proba no mes de xuño, de recuperar un ou máis trimestres pendentes.

O alumnado promocionará cando supere os tres trimestres.

9.- Avaliación do proceso do ensino e a práctica docente.

A avaliación debe ir enfocada a mellorar a aprendizaxe do alumnado. Por iso é necesario diversificar as ferramentas de avaliación.

Un aspecto clave é a reflexión sobre a propia práctica docente, que permitirá ao profesor mellorar los aprendizaxes dos seus alumnos e alumnas.

As ferramentas de avaliación dispoñibles para avaliar a práctica docente son as seguintes:

1. Rúbrica para avaliar os apuntes de clase.
2. Rúbrica para avaliar a resolución individual de exercicios.
3. Rúbrica para avaliar un exame.
4. Rúbrica para avaliar mapas conceptuais.
5. Rúbrica para avaliar a redacción e a presentación de traballos escritos.
6. Rúbrica para avaliar a exposición oral de traballos.
7. Rúbrica para avaliar o resumo dunha lectura crítica.
8. Rúbrica para avaliar un debate.

10.- Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Para os alumnos de 2º de Bacharelato coa materia pendente realizaranse 3 probas escritas de avaliación que coincidirán nas datas e contidos coas do alumnado de Economía da empresa do presente curso. Ao principio de cada trimestre facilitarase a cada alumno os contidos mínimos que se esixirán para superar cada proba e indicaráselle as horas en que pode consultar as dúbidas. No taboleiro do centro comunicarse a data de cada exame cunha antelación mínima de 2 semanas.

Para recuperar a materia esíxese superar satisfactoriamente as tres avaliacións (puntuación igual ou superior a 5 puntos); en caso contrario deberán realizar unha proba final de recuperación no mes de maio coas avaliacións non superadas. Resolveranse as dúbidas destes alumnos.

11.- Procedementos que lle permitan ó alumnado acreditar os coñecementos necesarios

Aqueles alumnos matriculados en Economía que non asistiran regularmente á clase poderán examinarse no mes de xuño de 2017 dunha proba escrita que permita garantir que adquiriron os coñecementos e capacidades mínimas establecidos na presente programación.

Á proba anterior tamén poderán presentarse aquelas persoas que por un elevado absentismo non puideron acreditar que posúen as competencias requiridas.

Por outra parte, aqueles alumnos que tendo feito as actividades e participado no desenvolvemento das clases regularmente non superaran ningún dos exames trimestrais -ou superaran algúns, pero a media de exames do trimestre non acadara a nota de 5 puntos sobre 10- poderán realizar a proba mencionada nos dous apartados anteriores.

Para aqueles alumnos que ao chegar o mes de xuño teñen algún trimestre pendente, existe un exame que permite recuperar un ou dous trimestres.

12.- Avaliación inicial

Avaliación inicial, predictiva ou diagnóstica: cando a información que obtemos a partir desta modalidade fai referencia a un colectivo (grupo-clase), denomínase prognoses, e cando é diferenciada (de cada alumno), chámase diagnoses. Este tipo de avaliación ten por obxectivo coñecer a situación dos alumnos ao comezo do proceso de ensino/aprendizaxe. Permite un certo prognóstico ou diagnóstico das habilidades e coñecementos previos que teñen, o que nos vai permitir comparala cos coñecementos que posúen ao finalizar o traballo.

12.1.- Medidas individuais ou colectivas a adoptar en función dos resultados

A información recolleita debe permitir a exploración e o coñecemento de cada alumno sobre o grado de adquisición dos prerrequisitos de aprendizaxe. Se se comprobase que a maioría dos alumnos descoñecen un determinado requisito, o seu estudo deberase incluír no proceso de ensino previsto para todo o grupo-clase. En cambio, si só son unha minoría, será necesario arbitrar mecanismos de compensación diversificados.

Doutro lado, é necesario distinguir entre prerrequisitos que non se coñecen e prerrequisitos que só se deben recuperar.

A avaliación inicial debe ademais proporcionar información sobre;

- as ideas alternativas ou modelos espontáneos de razoamento e as estratexias espontáneas de actuación
- as actitudes e hábitos adquiridos con relación á aprendizaxe e
- as representacións que se fan das tarefas que se lles propoñen.

As actividades para a avaliación inicial deben estar relacionadas coa motivación e a activación de coñecementos previos (preguntas orais, pautas de observación, entrevistas,...).

13.- Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade no Bacharelato para a materia de Economía son:

- repaso de contidos xa vistos, coa participación do alumnado
- actividades con diferentes niveis de dificultade
- actividades de consolidación: exercicios, tests, análise de informacións económicas
- a agrupación do alumnado: cambiar a distribución do alumnado na aula e establecer agrupacións diferentes para cada traballo en equipo asignado.
- Actividades de recuperación para o alumnado que non estea acadando os obxectivos

14.- Elementos transversais

A. Educación en valores:

- Educación ao consumidor. Concienciar ao alumno cara a un consumo responsable espertando nel unha actitude crítica cara ao excesivo consumismo e cara ao poder do marketing nas decisións de consumo.
- Educación moral e cívica. Avaliar os problemas sociais actuais que sofren distintas capas da poboación, a situación dos inmigrantes, o respecto ás opinións dos demais, a non discriminación laboral, a responsabilidade social da empresa, o problema da fraude fiscal, ...
- Educación ambiental. O impacto da actividade das empresas de produción sobre o medio ambiente.

- Educación para a paz. Conseguir do alumno valores solidarios, de tolerancia, de respecto e de capacidade de dialogo.
- Educación para a saúde. Conseguir que os alumnos adopten un estilo de vida san e adquiran hábitos saudables. O tema tratarase durante o segundo trimestre, cando se fale das funcións do Estado.
- Educación para a igualdade de sexos. O tema tratarase particularmente no tema do mercado do traballo, pero tamén en lecturas relativas a outras unidades.

B. Animación á lectura e expresión oral. Están previstas diversas lecturas sobre temas de relevancia na economía, que se analizarán e valorarán oralmente e por escrito. e resumos escritos.

C. Novas tecnoloxías da información:

- Presentacións dalgunhas unidades didácticas a través de Impress.
- Visita de páxinas web relacionadas coa economía (Banco de España, institucións públicas, empresas, prensa económica, www.ecobachillerato.com, www.profes.net, etc.)
- Resolución de exercicios e test en liña a través de Internet.
- Uso de follas de calculo para o traballo con datos económicos
- Proxección de documentais e vídeos de contidos económico.

15.- Actividades Complementarias e extraescolares

- Visita guiada a unha empresa
- Concurso “El País de los Estudiantes”

16.- Modificacións propostas na memoria do curso anterior

No curso anterior non se fixo ningunha proposta relativa á impartición de clases, debido a que:

- os resultados obtidos polo alumnado de Economía de diúrno foron moi bos. Todos aprobaron todos os trimestres, e en xeral con notas altas
- se se fixeron propostas para a impartición da materia Economía ao grupo de Adultos, pero no presente curso non hai ningún grupo de alumnos que cursen Bacharelato na modalidade de Adultos.

17.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Valoraranse a programación, a organización e a concreción do currículo en relación coa súa utilidade para a vida adulta e das características do ámbito produtivo. A avaliación realizarase ao longo do curso. Coincidindo co inicio de curso, informaráselles dos criterios de avaliación que se vaian aplicar para evidenciar a adquisición das competencias establecidas no currículo, así como do nivel mínimo que se considere suficiente para alcanzar a avaliación positiva no módulo.

Consideraranse as seguintes rúbricas:

1. Planificación.
2. Motivación do alumnado.
3. Desenvolvemento da ensinanza.
4. Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

1. PLANIFICACIÓN

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
-------------	------------	----------------------

PLANIFICACIÓN	1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
	2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
	3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula segundo as particularidades do alumnado.		
	4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
	5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
	6. Establece os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación que permiten o seguimento do progreso de aprendizaxe do alumnado		
	7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns.		

2. MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	1. Proporciona por anticipado os contidos de cada unidade.		
	2. Formula situacións que introducen a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
	3. Relaciona as aprendizaxes coa vida real ou presenta as súas funcionalidades.		
	4. Informa sobre os progresos e as dificultades		
	5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
	6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.		
	7. Promove a reflexión dos temas tratados.		

3. IMPARTICIÓN DA MATERIA

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
IMPARTICIÓN DA MATERIA	1. Resume as ideas fundamentais antes de pasar a unha nova unidade.		
	2. Cando é posible, relaciona conceptos novos cos xa coñecidos.		
	3. Aclara dúbidas dentro e fora das clases.		
	4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
	5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para o alumnado.		
	8. Formula actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe da etapa educativa.		
	9. Formula actividades grupais e individuais.		

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO- APRENDIZAXE

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO	1. Realiza a avaliación inicial ao inicio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
	2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
	3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fora dela.		
	4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
	5. Corrixe habitualmente as actividades do alumnado e da pautas para a mellora da aprendizaxe.		
	6. Utiliza criterios de avaliación axustados aos diferentes tipos de contidos.		
	7. Favorece os procesos de autoavaliación e coevaluación.		

DE ENSINO- APRENDIZAXE	8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados.		
	9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron acadados con suficiencia.		
	10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
	11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.		

18. Indicadores de logro

DE ENSINO- APRENDIZAXE	INDICADORES	VALORACIÓN	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
1	Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente as habilidades que o alumnado debe acadar como resultado da intervención educativa.		
2	Selecciono e secuencio os contidos da miña programación cunha distribución e unha progresión adecuada ás características de cada grupo de alumnos.		
3	Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos, en función dos distintos tipos de contidos y en función das características dos alumnos.		
4	Adapto o número de sesións previstas ao ritmo de aprendizaxe do alumnado		
5	As actividades de avaliación están en relación coas capacidades desenvolvidas nas clases		
6	Coordino a impartición das clases e as actividades co resto do profesorado da etapa educativa.		
7	Relaciono os contidos e actividades cos intereses e cos coñecementos previos do alumnado		
8	Relaciono os contidos coa información actual, particularmente a dos xornais		
9	Motivo ao alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe e proporciónlle actividades adicionais		

PROGRAMACIÓN DE

ECONOMÍA DA EMPRESA

1. Introducción

Os 5 alumnos matriculados nesta materia proceden de Zas, Cabanas e Laxe. A súa finalidade é superar a reválida e acceder á Universidade.

2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

a. Competencia en comunicación lingüística. As lecturas e debates que se levarán a cabo nas unidades didácticas da materia permitirán a familiarización e uso da linguaxe económica, ademais de contribuír a unha mellor expresión oral.

Unidades nas que se desenvolve a competencia lingüística: 1, 2, 3, 8 e 9.

b. Competencia matemática. Para desenvolvela, o alumnado aplicará estratexias para resolver problemas, deseñar pequenas investigacións, analizar resultados, etc. Valorarán a importancia do método científico no área das ciencias sociais.

Unidades nas que se desenvolve esta competencia: 4, 5, 6 e 7.

c. A competencia dixital desenvólvese fomentando a procura, selección e utilización de información en medios dixitais, así como o emprego de follas de cálculo para realizar exercicios e da aplicación Impress para presentar traballos. Tratarase de mellorar a procura selectiva de información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), a súa análise, ordenación e interpretación. Desenvólvese en todas as unidades, a través de busca de información na Internet, emprego de follas de cálculo para a realización de exercicios, emprego de Impress para a presentación de unidades e de traballos do alumnado, ...

d. A adquisición da competencia para aprender a aprender fundaméntase nesta materia no carácter instrumental de moitos dos coñecementos adquiridos. Ao tempo de operar con modelos teóricos tamén se fomenta a imaxinación, a análise, os dotes de observación da contorna, a iniciativa e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma. Esta competencia desenvólvese en todas as unidades. O alumnado vai construíndo o seu propio coñecemento a partir do impartido na aula.

e. Esta materia favorece o traballo en grupo mediante a realización de actividades que requiren a colaboración e a cooperación entre varios alumnos. Así mesmo, na análise conxunta da proxección de cada un dos documentais previstos, o alumnado pon en práctica as competencias sociais, manifestadas por unha parte no respecto das opinións dos demais e da quenda de intervención, e por outra na toma en consideración das opinións expresadas para completalas, perfeccionalas ou rebatelas.

Esta competencia trátase, polo tanto, ao longo do curso.

f. A materia de economía cimenta as bases do sentido de iniciativa e espírito emprendedor, xa que educa en actitudes e capacidades emprendedoras e garante a comprensión dos conceptos económicos básicos, que inclúe o desenvolvemento de certas calidades persoais: a elección de recursos, a planificación, a resolución de problemas e a revisión de resultados. Todo isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propias.

A Economía da Empresa contribúe ao desenvolvemento desta competencia de dous xeitos:

- Ao longo do curso incídese na importancia dos empresarios e das empresas para o

- desenvolvemento económico e analízanse diversos aspectos da empresa: estudo de custos, marketing, trámites, organización,...
- Propóñense actividades que permitan unha autonomía cada vez maior e foméntase que o alumnado propoña actividades a realizar.

g. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico. A análise do entorno da empresa e do tecido empresarial complementa o coñecemento da realidade social en que vivimos. As unidades didácticas 1 e 2, particularmente, desenvolven esta competencia.

h. Conciencia e expresións culturais. A través da análise de anuncios e diferentes técnicas que usan os creativos das axencias de publicidade, podemos desenvolver a competencia cultural e artística, ao identificar os valores e elementos artísticos que se poñen en xogo en cada caso para motivar a compra dos consumidores.

A unidade 3 contribúe a desenvolver esta competencia.

3.- Obxectivos

OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

No marco da LOMCE, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellóraa da súa contorna social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

4.- SECUENCIACIÓN POR UNIDADES

Unidade 1

4.1.1. Obxectivos didácticos

- Analiza-las características máis relevantes de distintos tipos de empresas, identificando as súas funcións e interrelacións, así como a súa organización.
- Diferenciar entre empresas personalistas, capitalistas e sociais.
- Saber escoller para cada situación a forma xurídica máis adecuada.
- Coñece-los elementos máis importantes dos diferentes sectores da actividade e, explicar, a partir deles, as principais estratexias das empresas.
- Identifica-los órganos de xestión das principais sociedades.

4.1.2. Contidos

4.1.2.1. Conceptos

- A empresa como unidade económica: Concepto, obxectivos (cadea de valor), elementos, funcións e Areas de actividade.
- Teorías sobre a empresa.
- Contorno xeral e específico da empresa. Responsabilidade social da empresa.
- Empresa e empresario. Segundo Knight, Schumpeter e Galbraith.
- Clasificación das empresas. Segundo o seu tamaño. Segundo a súa actividade. Segundo a propiedade do capital. Segundo a estrutura xurídica.

4.1.2.2. Procedementos

- Creación e utilización de cadros comparativos para o estudo e a análise das diferentes teorías sobre o empresario e a empresa
- Clasificación e diferenciación das diferentes áreas da empresa e dos compoñentes que a constitúen.
- Creación e utilización de mapas conceptuais para sintetizar a realidade da empresa e as súas diferentes dimensións.
- Aplicación dos diferentes contidos á realidade mediante exemplos próximos extraídos dos medios de comunicación.
- Clasificar as formas xurídicas de empresa segundo o número de socios e a súa responsabilidade, e o capital achegado ao inicio da sociedade.
- Partindo de situacións concretas relativas á dimensión dunha empresa, ao seu ámbito de actuación, á necesidade de financiamento, á responsabilidade asumida polos propietarios, ao número de socios etc., xustificar razoadamente a tipoloxía xurídica de empresa máis conveniente.
- Realizar cadros comparativos que indiquen as diferenzas entre as distintas formas xurídicas de empresa, así como as vantaxes e desvantaxes de cada unha delas.
- Descrición e diferenciación dos diferentes ámbitos de responsabilidade social da empresa.
- Analizar textos que poñan de manifesto os custos sociais xerados por determinadas empresas.

4.1.2.3. Actitudes

- Concienciación da importancia da empresa na sociedade actual como xeradora de riqueza e creadora de utilidade dos bens e servizos.
- Valoración crítica e sen prexuízos da figura do empresario
- Recoñecemento da importancia dos diferentes grupos sociais que participan na realidade da empresa.

4.1.3. Criterios de avaliación

- Define con claridade o concepto, funcións, obxectivos e elementos dunha empresa.
- Explica o concepto de empresario segundo diferentes economistas.
- Clasifica as empresas segundo seu tamaño, sector de actividade e titularidade pública, privada e mixta.

4.1.4. Temporalización

6 sesións

4.1.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Comprende o funcionamento das diferentes áreas da empresa.
- Diferencia as empresas por sector económico e segundo o tamaño.
- Caracteriza as formas xurídicas de empresa máis importantes

Unidade 2

4.2.1. Obxectivos didácticos

- Identificar os factores máis destacados do contorno (mercado, clientes, provedores, conxuntura económica, institucións, marco legal...) e analizar como inflúen na empresa.
- Analizar as características máis relevantes dos distintos tipos de empresa, identificando as súas funcións, interrelacións e organización.
- Analizar a importancia que teñen para o desenvolvemento das actividades empresariais as decisións de localización e dimensión.
- Explica-los factores que determinan a localización dunha empresa, distinguindo os de localización industrial dos de localización comercial e de servizos.
- Describir os criterios que habitualmente se utilizan para medir a dimensión das empresas.
- Identificar e comparar as vantaxes e inconvenientes da gran empresa con respecto as PEMES, así como as relacións de complementariedade entre ambas.
- Distinguir as distintas vías que ten a empresa para crecer.
- Explicar as estratexias de especialización e diversificación como alternativas para lograr o crecemento da empresa.
- Enumerar e describir as principais características dunha empresa multinacional.
- Identificar as consecuencias para as empresas e a Sociedade da globalización da economía e as posibles liñas de conduta que se van a adoptar.

4.2.2. Conceptos

4.2.2.1. Contidos

- Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica.
- Clasificación de empresas
- Formas de concentración vertical e horizontal. Estratexias
- Características, vantaxes e inconvenientes das PEMES e das empresas familiares
- Efecto da globalización sobre as empresas

4.2.2.2. Procedementos

- Identificar os pasos necesarios para a constitución dunha sociedade.
- Realización de debates acerca das vantaxes e os inconvenientes que teñen as empresas de economía social con respecto a outras clases de empresas.
- Identificación das modalidades de concentración empresarial.
- Comparación das vantaxes e inconvenientes que posúen tanto as pemes coma a grande empresa.
- Identificación das características da empresa multinacional e das vantaxes e inconvenientes para os países receptores.

4.2.2.3. Actitudes

- Capacidade para recoñecer as distintas formas xurídicas de empresa e as vantaxes e inconvenientes que presenta cada unha delas.
- Ser conscientes da importancia que ten, para o logro dos obxectivos empresariais, a elección da forma xurídica.
- Valorar positivamente as empresas de economía social e, en especial, as posibilidades que ofrecen para o emprego en épocas de crise.
- Interese por coñecer o funcionamento democrático dos órganos de dirección das sociedades.
- Valoración da importancia do crecemento empresarial como estratexia competitiva.

4.2.3. Criterios de avaliación

- Clasificar as empresas seguindo a súa forma xurídica (SA, SL, SLNE, Sociedades laborais, Sociedades Cooperativas)
- Diferenciar claramente as características das SA e SL.
- Realizar un cadro comparativo das distintas formas xurídicas de empresas que recolla: Denominación, capital social, nº mínimo de socios, responsabilidade dos socios, órganos de goberno e órganos de participación.
- Seleccionar a forma xurídica máis axeitada para unha empresa explicando vantaxes e inconvenientes a partir duns supostos sobre capital dispoñible, riscos que se van asumir, tamaño de empresa e nº de socios.
- Localizar empresas de diferentes sectores e actividades
- Clasificar empresas segundo o tamaño
- Describir diferentes estratexias de crecemento empresarial

4.2.4. Temporalización

6 sesións

4.2.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Enuncia os factores do entorno da empresa, diferenciando o entorno específico e o xeral
- Diferencia as formas de concentración empresarial
- Explica as estratexias de crecemento empresarial interno e externo
- Examina o papel das pequenas e medianas empresas no noso país e valora a súas estratexias
- Comprende a necesidade da responsabilidade social corporativa e enuncia indicadores de cada ámbito de responsabilidade.
- Explica os efectos da globalización e das TICs na xestión e organización das empresas

Unidade 3

4.3.1. Obxectivos didácticos

- Coñecer as variables que están incluídas na función comercial dunha empresa.
- Preparar un plan de marketing a partir das características dunha empresa e do que quere vender no mercado.
- Coñecer cales son os obxectivos que se formula a investigación de mercados, así como as fases necesarias para realizala.
- Coñecer o xeito no que se pode realizar unha segmentación de mercado e os criterios máis utilizados para levala adiante.
- Identificar as distintas técnicas de recollida de información primaria que poden utilizarse nunha investigación de mercados, diferenciando se son técnicas cualitativas ou cuantitativas.
- Estudar políticas de marketing de diferentes empresas en función dos mercados ós que dirixir os seus produtos.
- Coñecer cales son os compoñentes dun produto e diferenciación dos atributos.
- Coñecer cal é o ciclo de vida de calquera produto.
- Saber utilizar os distintos sistemas existentes para fixar os prezos dun ben, e coñecer as distintas políticas de prezo que se poden levar a cabo.
- Diferenciar as distintas clases de canles de distribución e clasificalos segundo o vínculo existente entre os distintos eslabóns da canle.
- Explicar os criterios que existen para escoller unha canle de distribución ou outra.
- Coñecer os distintos instrumentos de comunicación con que conta unha empresa.
- Distinguir entre o que é publicidade, promoción de vendas, forza de vendas, relacións públicas e marketing directa.
- Coñecer as restricións que impón a lexislación española ó uso da publicidade.

4.3.2. Conceptos

4.3.2.1. Contidos

- A función comercial da empresa: a marketing.
- Marketing pasiva, activa, social e de organización.

- Marketing estratéxico e marketing mix.
- Mercado e demanda: definición do mercado e técnicas para admitir a demanda.
- Criterios de segmentación do mercado e estratexias para a selección.
- O Mercado obxectivo e o posicionamento.
- O plan de marketing e os seus elementos.
- A investigación de mercados, os seus obxectivos, as súas fases e as técnicas de recollida de información.
- Aplicación do marketing as tecnoloxías da información e a comunicación.

4.3.2.2. Procedementos

- Preparación dun plan comercial para empresas ficticias e para distintas situacións que se poidan dar no mercado.
- Levar a cabo estudos sobre o posicionamento dun determinado produto no mercado.
- Preparación de traballos e actividades que requiran segmentar un mercado para unha determinada empresa.
- Identificación de posibles obxectivos de *marketing* estratéxico e de *marketing* para unha empresa concreta.
- Análise de casos prácticos en que se poñan de manifesto as distintas estratexias de *marketing*.
- Análise de campañas publicitarias levadas a cabo por diferentes empresas destacando os aspectos máis relevantes dos estudos na unidade e presentes nas devanditas campañas.

4.3.2.3. Actitudes

- Actitude crítica ante a información e as mensaxes procedentes das redes e os medios de comunicación, así como das estratexias agresivas dos publicistas por conseguir aumentar as vendas do seu produto.
- Interese por conseguir unha información precisa e completa sobre as prácticas empresariais e desenvolvemento dunha actitude crítica ante aquelas que atenten contra os dereitos dos consumidores.
- Valoración positiva das ferramentas do *marketing* cando o seu uso é respectuoso cos dereitos do consumidor ou cando a mensaxe trata de promover actitudes nobres e necesarias para a sociedade.

4.3.2. Criterios de avaliación

- Definir correctamente o concepto de segmentación de mercados, así como as variables utilizadas.
- Identifica-los elementos do Plan de Marketing dunha empresa.
- Explicar en que consiste a investigación de mercados e técnicas empregadas.
- Definir os compoñentes do marketing mix.
- Explicar correctamente o ciclo de vida do produto.
- Identifica-los sistemas para fixar o prezo dun ben.
- Seleccionar a canle de distribución máis axeitada segundo as características dun produto.
- Explicar en que consiste a política de promoción e as súas compoñentes.
- Comprender o funcionamento dos principais tipos de comercio electrónico e as formas de pago de uso máis estendido.

4.3.4. Temporalización

8 sesións

4.3.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Identifica as diferentes estratexias e variables de marketing
- Comprende e explica as diferentes fases da investigación de mercado
- Aplica criterios de segmentación de mercados
- Describe os tipos de mercados segundo diferentes criterios
- Describe os factores a ter en conta para fixar o prezo do produto
- Elixe de forma razoada os canais de distribución adecuados para un produto e unha estratexia dadas

- Describe as variables que se debe considerar no comercio electrónico

Unidade 4

4.4.1. Obxectivos didácticos

- Describir a actividade produtiva da empresa como un subsistema empresarial, con entradas (factores de produción) e saídas (produto), e relacionadas entre si mediante a función de produción.
- Determinar, en casos sinxelos, a cantidade que se debe producir dun produto considerando a capacidade produtiva da empresa e a súa política de stocks.
- Calcular e clasificar os principais tipos de custos e diferenciar entre gasto, custo e custo de oportunidade.
- Identifica-lo concepto de punto morto e o seu cálculo.
- Analiza-las consecuencias que para o medio, a sociedade e as persoas teñen as actividades das empresas e as condutas e decisións dos seus directivos.
- Mostrar unha actitude crítica cara ós principais problemas provocados pola actividade produtiva da empresa sobre o medio e coñecer as solucións prácticas máis significativas para tratalos e os seus efectos económicos e sociais.
- Analizar a problemática que se deriva da xestión do almacén.
- Determinar, mediante cálculos sinxelos, o pedido óptimo e o stock de seguridade, valorando a súa importancia na xestión dos inventarios.
- Aplicar as principais normas de valoración das existencias.
- Mostrar unha actitude crítica fronte ós principais problemas provocados pola actividade produtiva da empresa sobre o medio ambiente e coñecer as solucións máis significativas para tratalos, e os efectos económicos e sociais.

4.4.2. Conceptos

4.4.2.1. Contidos

- A función de produción: Rendementos da produción. Produtividade, eficiencia técnica e económica.
- Os custos da empresa.
- Limiar de rendibilidade ou punto morto.
- O Período Medio de Maduración e interpretar o seu resultado así como a relación co fondo de manobra.
- A xestión da produción: A planificación da produción, métodos e técnicas de planificación da produción (Método PERT-CPM, gráficas Gantt).
- A calidade na empresa: A certificación de calidade.
- A función de aprovisionamento: As existencias; concepto e tipos.
- A xestión de inventarios: Clasificación dos custos das existencias, administración de inventarios, modelo de pedido óptimo (modelo de Wilson), modelos ABC e JIT.
- A valoración das existencias.
- Valoración das saídas do almacén.
- Ficha de control de existencias.

4.4.2.2. Procedementos

- Descrición e análise dos diferentes factores que determinan a localización empresarial.
- Explicación dos factores que condicionan a localización industrial e a localización comercial e de servizos.
 - Identificación dos criterios máis utilizados para medir a dimensión das empresas.
 - Análise da relación entre rendementos de escala e dimensión empresarial.
 - Descrición dos tipos de sistemas produtivos.
 - Cálculo do período medio de maduración económico e financeiro
 - Aplicación dos conceptos de eficiencia técnica e económica a diferentes técnicas produtivas, elixindo a máis rendible.
 - Elaboración de casos prácticos de cálculo da produtividade de diferentes factores.
 - A partir dos datos relativos á produción dunha empresa, cálculo dos distintos tipos de custos, ingresos e beneficios.
 - Elaboración de fichas de almacén segundo os criterios FIFO e Preço medio ponderado e cálculo dos custos das mercadorías.
 - A partir de datos achegados, cálculo e representación gráfica do límite de rendibilidade ou punto

morto dunha empresa, e toma de decisións sobre se interesa máis producir ou comprar certos elementos.

4.4.2.3. Actitudes

- Valoración da transcendencia que teñen para o futuro da empresa as decisións relativas á localización e dimensión.
- Actitude crítica ante as decisións de deslocalización de empresas que obteñen beneficios, co obxectivo de incrementalos sen ter en conta os custos sociais que se producen.
- Ser conscientes da importancia que ten a eficiencia para a competitividade dunha empresa.
- Valoración da relación directa que se establece entre a produtividade e o salario.
- Ser consciente da relación que existe entre a mellora da produtividade e o aumento dos beneficios.
- Capacidade para recoñecer os efectos positivos da intervención do Estado á hora de fomentar a investigación nas empresas.
- Ser conscientes da importancia que ten para a toma de decisións empresariais o coñecemento do punto morto.

4.4.3. Criterios de avaliación

- Calcular correctamente a valoración das existencias polos criterios FIFO e PMP e interpretar o seu resultado.
- Calcular o pedido óptimo e stock de seguridade aplicando o modelo Wilson. Interpretar o seu resultado.
- Definir correctamente as principais características dos modelos ABC e JIT de xestión de inventarios.
- Diferenciar os distintos tipos de custos da empresa.
- Calcular correctamente o punto morto ou limiar de rendibilidade dunha empresa. Interpretar o seu resultado.
- Calcular o PMM dunha empresa e interpretar o seu resultado así como a relación co fondo de manobra.
- Cálculo e interpretación dos diferentes períodos medios de maduración.
- Realizar os gráficos PERT e GANT dun proceso produtivo.

4.4.4. Temporalización

8 sesións

4.4.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Diferencia os principais tipos de procesos de produción
- Explica as vantaxes e inconvenientes dunha dimensión grande e dunha dimensión pequena
- Enuncia os factores que determinan a localización dunha planta de produción e os dunha empresa comercial
- Comprende a problemática do inventario e determina os custes de inventario
- determina o volume óptimo de pedido e representa graficamente o volume de pedido e o punto de pedido
- diferencia os diferentes tipos de custos e calcula o limiar de rendibilidade

Unidade 5

4.5.1. Obxectivos didácticos

- Identificar os datos mais relevantes de información contida nas contas anuais de empresa e avaliar e identificar posibles desequilibrios económicos e financeiros.
- Elaborar balances a partir da información proporcionada sobre o patrimonio da empresa, utilizando o modelo abreviado do PXC.
- Elaborar contas de resultados seguindo o PXC a partir da información proporcionada sobre o patrimonio da empresa, utilizando o modelo abreviado do PXC.
- Coñecer os principais impostos que gravan a actividade empresarial e profesional.
- Manifestar iniciativa persoal, capacidade de organización e dilixencia nos traballos e tarefas realizados individual e colectivamente, achegando ideas.
- Analizar os estados financeiros dunha empresa aplicando as técnicas analíticas que permiten interpretar as variacións e os cambios na evolución da empresa.

- Estudar a estrutura económica e financeira da empresa e tomar decisións sobre melloras que se deben aplicar.
- Identificar a importancia do Fondo de manobra dunha empresa.
- Analizar a solvencia e a liquidez da empresa e as variables que lles afectan.
- Determinar a situación financeira da empresa e as garantías que achega para asegurar o cumprimento das obrigas financeiras da empresa.
- Calcular e comparar a rendibilidade da empresa e analizar os seus compoñentes.

4.5.2. Contidos

- Os elementos patrimoniais.
- Os resultados da empresa.
- Plan Xeral de Contabilidade.
- Balance de situación: Concepto e funcións, estrutura.
- A conta de perdas e ganancias: Concepto e funcións, estrutura.
- A memoria e outros estados financeiros.
- Libros contables obrigatorios.
- Lexislación mercantil: Concepto e fontes, Obrigas e dereitos da empresa.
- Lexislación fiscal. Clasificación dos tributos. Os impostos. IRPF. IVE. IS.
- Introducción á análise de estados contables: Obxectivos do estudio dos estados contables.
- Análise patrimonial: estrutura e equilibrio patrimonial. Estrutura e composición do balance, a estrutura económico-financieira do balance, o fondo de manobra, situacións patrimoniais.
- O período medio de maduración.
- Rendibilidade económica e financeira
- Análise financeira: Ratios financeiros.

4.5.2.2. Procedementos

- Explicación razoada do significado dos compoñentes do patrimonio.
- Clasificación das partidas de activo, pasivo e neto patrimonial.
- Interpretación financeira das diferentes masas patrimoniais.
- Elaboración dun balance de situación dados diferentes elementos patrimoniais da empresa.
- Elaboración da conta de perdas e ganancias e calculo dos diferentes resultados.
- Estruturación e síntese dos principais elementos do PXC, así como da súa función e descrición dos grupos aos que interesa esta información.
- Lectura e análise crítica de información acerca da contabilidade das empresas, a partir de noticias publicadas nos medios de comunicación.
- Cálculo, interpretación e resolución das principais *ratios*, e determinación de medidas de corrección para mellorar os resultados.
- Interpretación e cálculo do fondo de manobra.
- Determinación da situación de equilibrio patrimonial a partir do fondo de manobra.
- Análise da conta de resultados
- Análise da rendibilidade económica e financeira a partir dos datos achegados pola conta de resultados.
- Partindo de supostos sinxelos, cálculo da rendibilidade económica a través da marxe de vendas e a cota de mercado dunha empresa.

4.5.2.3. Actitudes

- Aplicación rigorosa da linguaxe específica da contabilidade.
- Toma de conciencia da importancia dos resultados da empresa para a sociedade.

4.5.3. Criterios de avaliación

- Elaborar-lo balance de situación dunha empresa a partir duns datos agrupando por masas patrimoniais.
- Identifica-los compoñentes dos ingresos e gastos dunha empresa.
- Elabora-la conta de resultados dunha empresa distinguindo ingresos, gastos, resultado de explotación, financeiros, ordinarios, extraordinarios, resultado antes de impostos e resultado despois de impostos.
- Definir correctamente que son os impostos e cales son os seus elementos.

- Clasificar os principios impostos: IVA, IRPF, IS, IAE.
- Clasifica-las distintas situacións patrimoniais nas que se pode atopar unha empresa.
- Calcular o fondo de manobra dunha empresa e interpretar o seu resultado.
- Calcular os principios ratios financeiros e interpretar os seus resultados.
- Calcular a rendibilidade económica e financeira dunha empresa e os seus compoñentes. Interpretar o seu resultado.

4.5.4. Temporalización

11 sesións

4.5.5. Estándares de aprendizaxe avaliados

- Comprende o concepto de patrimonio
- Comprende a importancia do rexistro contable e do Plan Xeral de Contabilidade
- Describe os libros contables básicos e as contas anuais a presentar polas PEMES
- Confecciona un balance de situación agrupado en masas patrimoniais
- Calcula os resultados dunha empresa segundo o Plan de Contabilidade
- Analiza a situación económico-financieira e patrimonial dunha empresa
- Determina o custo das mercadorías vendidas segundo os criterios FIFO e prezo medio ponderado

Unidade 6

4.6.1. Obxectivos didácticos

- Definir o concepto de función financeira e fonte de financiamento.
- Identifica-las principais fontes de financiamento da empresa analizando as distintas opcións posibles.
- Selecciona-la mellor fonte de financiamento tendo en conta o custo.

4.6.2. Conceptos

4.6.2.1. Contidos

- Fontes de financiamento da empresa: Financiamento interno ou autofinanciamento. Fontes de financiamento externo da empresa.
- Autofinanciamento de mantemento e autofinanciamento de enriquecemento.
- Financiamento alleo a curto prazo: crédito comercial, préstamos e créditos bancarios, desconto comercial e factoring.
- Financiamento alleo a longo prazo.
- Custo das fontes de financiamento. Custo dos recursos financeiros propios e alleos.
- O financiamento nas PEMES.
- O financiamento público: Subvencións e axudas.

4.6.2.2. Procedementos

- Descrición da función financeira da empresa.
- Creación de cadros comparativos para diferenciar as fontes de financiamento, atendendo ás súas características, vantaxes e desvantaxes.
- Realización de mapas conceptuais que permitan interrelacionar os diferentes aspectos da función de financiamento da empresa e do medio en que se desenvolve.
- Resolución de problemas que permitan determinar os valores nominais e teóricos das accións dunha empresa.
- Resolución de problemas que mostren as consecuencias da ampliación de capital e da forma de compensar os antigos accionistas a través dos dereitos preferentes de subscripción e o seu valor teórico.
- Lectura de noticias do mercado financeiro e dos produtos financeiros.

4.6.2.3. Actitudes

- Análise crítica das informacións dos diferentes axentes financeiros sobre os seus activos e as consecuencias no mercado financeiro a través da lectura da prensa.
- Reflexión crítica sobre a diferenza entre investir e especular.

- Fomento da actitude de traballo e esforzo para lograr un coñecemento pormenorizado das fontes de financiamento e as súas características.

4.6.3. Criterios de avaliación

- Comprender as dúas vertentes da función financeira
- Clasificar as diversas fontes de financiamento dunha empresa segundo a súa propiedade, procedencia e prazo de devolución, así como as características principais de cada unha.
- Diferenciar as fontes de financiamento internas das externas e razoar cal é a máis adecuada para unha situación concreta
- Entender como funciona unha ampliación de capital
- Comprender os conceptos de leasing, desconto comercial, renting
- Saber o que é unha letra de cambio
- Saber calcular o valor teórico dunha acción e dun dereito de subscrición

4.6.4. Temporalización

7 sesións

4.6.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Describe as tarefas básicas da área de financiamento
- Describe o funcionamento dos instrumentos principais de financiamento
- Determina o valor dun dereito de subscrición
- Describe as principais fontes de financiamento, diferenciando as propias das alleas e as internas das externas

Unidade 7

4.7.1. Obxectivos didácticos

- Definir o concepto de investimento clasificando os investimentos segundo a súa tipoloxía.
- Aplica-los distintos criterios de selección de investimentos seleccionando a máis favorable.
- Comprender de forma clara e coherente e, se e o caso, valorar criticamente, informacións sobre feitos relevantes do ámbito empresarial.
- Obter, seleccionar e interpreta-la información de xeito autónomo, adecuando o seu tratamento a resolución de problemas prácticos.

4.7.2. Conceptos

4.7.2.1. Contidos

- Métodos de selección e valoración de investimentos: métodos de selección estáticos.
- Métodos de selección dinámicos.

4.7.2.2. Procedementos

- Clasificación dos investimentos en función da súa aplicación.
- Realización de casos prácticos de cálculo sobre proxeccións de capitais financeiros ao longo do tempo.
- Seleccionar investimentos a través do cálculo do seu VAN e interpretar os resultados.
- Calcular a TIR de proxectos de investimento con dous fluxos netos de caixa e interpretar os resultados.
- Calcular o *pay back* de distintos proxectos de investimento e comparación co fluxo neto de caixa total deses investimentos.
- Análise da amortización como forma de imputación do valor dos investimentos e de recoñecemento económico da perda de valor dos activos.

4.7.2.3. Actitudes

- Tomar conciencia da necesidade que teñen as empresas de investir para garantir a súa competitividade.
- Actitude activa ante a necesidade de complementar as ferramentas matemáticas coa valoración subxectiva do que ha de tomar a decisión final de investimento.
- Actitude crítica ante as actitudes irresponsables que poñen en perigo a supervivencia da empresa e os seus postos de traballo.

4.7.3. Criterios de avaliación

- Dominar os criterios de valoración de investimentos, PAY-BACK, VAN e TIR, tanto estáticos como dinámicos, e saber calcular o valor de cada investimento.
- Comprender os resultados obtidos empregando o diferentes métodos de valoración dun investimento e interpretar correctamente os resultados.
- Analizar a importancia do risco e os custos sociais na selección de investimentos.

4.7.4. Temporalización

6 sesións

4.7.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Comprende o significado da amortización económica
- Escolle un proxecto de investimento a partir do cálculo do VAN, da TIR e do pay-back

Unidade 8

4.8.1. Obxectivos didácticos

- Identificar as características que debe presentar unha xestión eficiente dos recursos humanos da empresa e os obxectivos prioritarios neste ámbito.
- Coñecer os dereitos e obrigas esenciais derivados da relación laboral.
- Identifica-los distintos tipos de contratos de traballo.
- Tomar conciencia de que os conflitos colectivos deben ser compatibles cos dereitos da sociedade.
- Valorar a importancia da seguridade e a hixiene no traballo.

4.8.2. Conceptos

4.8.2.1. Contidos

- O Departamento de recursos humanos.
- Funcións do departamento de recursos
- O contrato de traballo.
- As tecnoloxías da información e a comunicación aplicadas a xestión dos recursos humanos.
- Teorías de motivación no contorno do traballo.

4.8.2.2. Procedementos

- Ante distintos supostos, identificación dos sistemas de motivación existentes na empresa.
- Análise das características propias dun líder.
- Debate sobre as distintas fontes de poder que utilizan os líderes.
- Identificación e valoración dos diferentes tipos de canles de comunicación que se poden utilizar nunha empresa.
- Análise de ofertas de emprego aparecidas nos medios de comunicación.
- Análise e valoración dos dereitos dos traballadores cando existe un conflito laboral.

4.8.2.3. Actitudes

- Toma de conciencia da importancia que ten a motivación en calquera traballo e actividade humana.

- Valoración crítica de distintos sistemas retributivos tendentes a modificar a motivación dos traballadores.
- Capacidade para recoñecer as fontes de poder que emprega un directivo ou un líder.
- Análise crítica dos distintos tipos de liderado e da súa posta en marcha na empresa.
- Valoración dos procesos de comunicación dunha empresa e capacidade de elección da maneira máis adecuada de comunicación en cada caso particular.
- Análise crítica dos procesos de selección de persoal.

4.8.3. Criterios de avaliación

- Enumerar os obxectivos do departamento de persoal.
- Coñecer as principais tarefas que realiza o departamento de recursos humanos
- Definir o concepto e elementos dun contrato de traballo
- Identificar os distintos tipos de contrato de traballo
- Coñecer as principais teorías de motivación dos empregados

4.8.4. Temporalización

7 sesións

4.8.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Comprender e describir as principais teorías de motivación
- Comprender a necesidade do liderado na empresa e diferenciar os tipos de líderes
- Explicar as tarefas asignadas ao departamento de recursos humanos
- Explicar o que é un convenio colectivo
- Diferenciar os principais tipos de contrato

Unidade 9

4.9.1. Obxectivos didácticos

- Avaliar e comprende-la importancia e os problemas da organización e da distribución do traballo en relación cos obxectivos empresariais.
- Aplicar e executar o proceso da toma de decisións en simulacións sinxelas e no ámbito das diferentes áreas funcionais da empresa.
- Identificar en casos concretos de empresas a estrutura organizativa e representación gráfica.
- Análise das consecuencias que as actividades de distintos tipos de empresa e condutas e decisións dos directivos teñen no medio, Sociedade e persoas.

4.9.2. Conceptos

4.9.2.1. Contidos

- Proceso de dirección.
- Función de planificación: Clasificación dos plans. Pola súa natureza e características. Pola súa dimensión temporal. Por funcións e departamentos. Etapas do proceso de planificación.
- Función de organización. Etapas da función de organización. A comunicación na empresa. A organización do traballo. Evolución histórica da organización do traballo.
- A organización formal. Estrutura organizativa. Modelos de estrutura organizativa. Os organigramas. A organización informal.
- Función de xestión: Funcións do directivo. toma de decisións. O proceso de decisión. Etapas na toma de decisións. A matriz de decisión. Criterios de decisión. Árbores de decisión.
- Función de control. Etapas de control.

4.9.2.2. Procedementos

- Planificación de actividades empresariais simples e de actividades cotiás dos alumnos.

- Establecemento de criterios e métodos de control para aplicarlos en supostos sinxelos de empresas e actividades persoais.
- Deseño de departamentalizacións e dos organigramas correspondentes que os representen.
- Lectura de organigramas e interpretación dos principios organizativos que se reflicten neles.
- Realización de cadros comparativos que reflictan as diferenzas entre a organización formal e informal, e os distintos criterios de departamentalización e das estruturas organizativas.

4.9.2.3. Actitudes

- Valoración crítica do concepto de autoridade e de responsabilidade.
- Reflexión sobre a planificación e control como aspectos esenciais para levar a cabo calquera actividade na vida.
- Valoración crítica dos diferentes principios que rexen a organización da empresa e a súa influencia no desenvolvemento do traballo.
- Reflexión e valoración crítica do papel dos xefes, directivos e líderes na empresa e noutros aspectos da vida.

4.9.3. Criterios de avaliación

- Coñecer as principais estruturas organizativas que existen: funcional, lineal, en liña e staff, divisional, matricial.
- Definir as liñas xerais das principais escolas de organización do traballo: Taylor, Fayol e Mayo.
- Distinguir entre organización formal e informal da empresa.
- Deseñar a estrutura organizativa dunha empresa sinalando as áreas funcionais e tarefas de cada unha.

4.9.4. Temporalización

6 sesións

4.9.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Describir o pensamento das principais escolas de administración do traballo
- Explicar os principios máis salientables da organización científica do traballo
- Describir as principais estruturas organizativas
- Explicar as tarefas da Dirección da empresa

Unidade 10

4.10.1. Obxectivos didácticos

Presentar distintas opcións para abordar un proxecto empresarial
 Considerar as oportunidades de negocio que se poden presentar na sociedade
 Planificar unha idea de negocio a desenvolver
 Concretar o programa de investimentos a levar adiante no negocio
 Coñecer os trámites necesarios para a posta en marcha dunha empresa
 Describir as variables de contorno xeral e específico que inflúen sobre a empresa
 Manexar os coñecementos adquiridos para decidir sobre a selección de persoal, contratación, remuneración, aplicación dun convenio, etc.
 Aplicar os coñecementos adquiridos para a realización dunha análise de mercado e deseñar as *estratexias de marketing mix máis convenientes.
 Presentar distintas formas de financiamento que se poden presentar á empresa, elixindo a mais conveniente.
 Analizar a viabilidade do negocio.

4.10.2. Conceptos

4.10.2.1. Contidos

- A creación dunha empresa: O proxecto de iniciativa empresarial.
- A viabilidade do proxecto empresarial.
- A memoria do proxecto empresarial.
- A constitución formal da empresa.

4.10.2.2. Procedementos

- Elaboración de esquemas dos aspectos máis relevantes necesarios para a creación dun proxecto empresarial.
- Expoñer oralmente e por escrito unha idea de negocio que resulte convincente.
 - Interpretar e analizar os datos de diversas fontes de información para analizar as necesidades do mercado e detectar, deste xeito, posibilidades de negocio.
- Realizar diferentes técnicas de pensamento diverxente creativo para favorecer a imaxinación na procura de novas ideas de negocio.

4.10.2.3. Actitudes

- Valorar as achegas aparentemente diferentes do resto dos compañeiros.
- Reflexionar criticamente sobre as calidades dos emprendedores e realizar esa reflexión no ámbito persoal.
- Fomentar as actitudes orixinais fundamentadas no rigor e a constancia.

4.10.3. Criterios de avaliación

- dominar os trámites necesarios para constituír unha sociedade
- enumerar os trámites a realizar antes de realizar unha actividade económica
- comprender o que é e a utilidade do plan de negocio
- coñecer as partes fundamentais dun plan de negocio
- saber identifica-los aspectos básicos do plan de negocio dunha start up
- saber realizar un estudo sinxelo de viabilidade económica e financeira dunha empresa.

4.10.4. Temporalización

4 sesións

4.10.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- Enunciar os rasgos de personalidade que favorecen o emprendimento
- Describir os elementos que forman o plan de negocio
- Explicar os trámites de constitución dunha sociedade mercantil
- Explicar os trámites de posta en marcha dunha sociedade

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A empresa				
▪ a ▪ d ▪ i ▪ l ▪ m	▪ B1.1. A empresa e o/a empresario/a. ▪ B1.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. ▪ B1.3. Clases de	▪ B1.1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e	▪ EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo.	▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIE
			▪ EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso	▪ CD ▪ CMCCT

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	empresas. ▪ B1.4. Marco xurídico da actividade empresarial.	xestores/as, e as esixencias de capital.	en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	
			▪ EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado.	▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
			▪ EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.	▪ CCL ▪ CSIEE
▪ a ▪ d ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m ▪ p	▪ B1.5. Contorno da empresa. ▪ B1.6. Responsabilidade social e ambiental da empresa. ▪ B1.7. Funcionamento e creación de valor.	▪ B1.2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade.	▪ EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo. ▪ EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental. ▪ EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía.	▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CSIEE
Bloque 2. Desenvolvemento da empresa				
▪ d ▪ i ▪ l ▪ m	▪ B2.1. Localización e dimensión empresarial. ▪ B2.2. Estratexias de crecemento interno e externo. ▪ B2.3. Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado. ▪ B2.4.	▪ B2.1. Identificar e analizar as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan.	▪ EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións. ▪ EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa. ▪ EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CCL ▪ CMCCT

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>Importancia das pequenas e medianas empresas (PME) na economía.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Internacionalización, competencia global e tecnoloxía. ▪ B2.6. Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos do seu funcionamento. 		<p>especialización e diversificación.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos. ▪ EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes. ▪ EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental. ▪ EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCL ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC
Bloque 3. Organización e dirección da empresa				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ i ▪ l ▪ m ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado actual. ▪ B3.2. Funcións básicas da dirección. ▪ B3.3. Planificación e toma de decisións estratéxicas. ▪ B3.4. Organización formal e informal da empresa: deseño e análise da súa estrutura. ▪ B3.5. A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación. ▪ B3.6. Os conflitos de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Explicar a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha empresa, valorando as posibles modificacións para realizar en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos formulados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais. ▪ EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa. ▪ EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións. ▪ EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CD ▪ CSC

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	intereses e as súas vías de negociación.		problemas para solucionar, e describe propostas de mellora.	▪ CSIEE
			▪ EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras.	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			▪ EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade.	▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
Bloque 4. A función produtiva				
▪ a ▪ i ▪ l ▪ m	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Produción e proceso produtivo. ▪ B4.2. Función de produción. Produtividade e eficiencia ▪ B4.3. Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) como elementos clave para o cambio tecnolóxico e a mellora da competitividade empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Analizar procesos produtivos desde a perspectiva da eficiencia e a produtividade, e recoñecer a importancia da I+D+i. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC
▪ i ▪ l ▪ m	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa. ▪ B4.5. Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Determinar a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			de decisións.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Os inventarios da empresa e os seus custos. Modelos de xestión de inventarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Describir os conceptos fundamentais do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
Bloque 5. A función comercial da empresa				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Departamento comercial da empresa ▪ B5.2. Concepto e clases de mercado. ▪ B5.3. Técnicas de investigación de mercados. ▪ B5.4. Comportamento do/da consumidor/a e segmentación de mercados. ▪ B5.5. Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias. ▪ B5.6. Estratexias de márketing e ética empresarial. ▪ B5.7. Tecnoloxías da información e das comunicacións e márketing. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de márketing aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa.	▪ CSC
Bloque 6. A información na empresa				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ g ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Obrigas contables da empresa. ▪ B6.2. A composición do patrimonio e a súa valoración. ▪ B6.3. Resultados da empresa. ▪ B6.4. As contas anuais e a imaxe fiel. ▪ B6.5. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias. ▪ B6.6. Análise e interpretación da información contable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a súa mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no aparcamento da empresa, mediante a utilización de rateos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.7. Fiscalidade 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Recoñecer a importancia do cumprimento 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ d ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m 	empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave do súa estrutura e do seu funcionamento.	das obrigas fiscais e explicar os impostos que afectan as empresas.	a súa organización e a actividade que desenvolvan.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
Bloque 7. A función financeira				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ g ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Estrutura económica e financeira da empresa. ▪ B7.2. Concepto e clases de investimento. ▪ B7.3. Valoración e selección de proxectos de investimento. ▪ B7.4. Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento. ▪ B7.5. Ciclos da empresa. ▪ B7.6. Período medio de maduración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Valorar proxectos de investimento, xustificar razoadamente a selección da alternativa máis vantaxosa, diferenciar as posibles fontes de financiamento nun determinado suposto e razoara elección máis axeitada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			análise e á resolución de supostos.	▪ CMCCT
			▪ EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			▪ EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.	▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CD

5.- Estándares de aprendizaxe avaliados globais (para recuperación de pendentes ou de setembro)

- Comprende o funcionamento das diferentes áreas da empresa.
- Diferencia as formas de concentración empresarial.
- Diferencia as empresas por sector económico e segundo o tamaño.
- Comprende a necesidade da responsabilidade social corporativa e enuncia indicadores de cada ámbito de responsabilidade.
- Elabora un balance e unha conta de Perdas e Ganancias sinxelos.
- Comprende o concepto de amortización e manexa o seu rexistro contable.
- Comprende o ciclo contable, analiza o proceso contable de cierre de exercicio e determina o resultado económico obtido pola empresa.
- Delimita os elementos que caracterizan o IRPF, o IVE e o Imposto de Sociedades
- Manexa e comprende os instrumentos básicos de análise económico-financieira
- Comprende os conceptos básicos do marketing, tales como segmentación, público obxectivo,...
- Comprende a información contable plasmada nas contas anuais
- Sabe determinar que forma xurídica é conveniente segundo o número e características dos socios, capital requirido, ...
- Describe as funcións básicas do departamento de recursos humanos
- Coñece as diferentes formas de financiamento interno e externo
- Elabora táboas cos diferentes custos e ingresos.

5.1.- Temporalización

- 1º trimestre: unidades 1-4
- 2º trimestre: unidades 5-7
- 3º trimestre. Unidades 8-10

5.2.- Mínimos esixibles para superar a materia

1. Clasificar os diferentes tipos de empresas, sinalando os seus trazos diferenciais.
2. Identificar os factores externos (poderes públicos, conxuntura económica, evolución tecnolóxica, organizacións empresariais, sindicatos, consumidores, dinámica de poboación, localización industrial, relación co medio ambiente, etc.) que inciden na empresa, sinalando exemplos representativos.
3. Caracterizar as áreas básicas de actividade da empresa, sinalando as interdependencias e o seu distinto peso e importancia segundo o tipo de empresa, e escribir o proceso de funcionamento dun ciclo completo dunha empresa tipo.
4. Comprender o concepto de produtividade. Recoñecer e valorar as variábeis que inciden nos indicadores de produtividade dunha empresa. Por outra parte, preténdese que identifiquen e analicen o posíbel conflito entre unha forma de entender o éxito empresarial, medido exclusivamente a través da conta de resultados, e unha concepción que entende este éxito desde un marco de valores máis amplo, e que incorpora o impacto ambiental (ruídos, esgotamento dos recursos, residuos contaminantes), condicións de traballo saudábeis, corrección de inxustizas na distribución do valor engadido, garantías de calidade, promoción da investigación, etc.

5. A partir dos datos básicos do balance e conta de resultados dunha empresa, identificar a función dos seus elementos e interpretar o sentido económico e financeiro de cada un dos seus apartados, detectando posibles desequilibrios.
6. Identificar as principais fontes de financiamento da empresa tanto externas como internas, así como analizar e avaliar, a partir dunha necesidade concreta, as distintas posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.
7. A partir do coñecemento directo dunha empresa ou institución (o propio centro escolar como institución, visita a unha empresa, asociación cultural), describir a súa estrutura organizativa, estilo de dirección e de comunicación, grao de participación nas decisións, organización informal.
8. Planificar e levar a cabo un plano de observación dunha empresa local e presentar a información de forma organizada e intelixíbel, incorporando xuízos propios e con referencias a exemplos e datos apropiados.
9. Elaborar un proxecto de creación de empresas, planificando o proceso que é necesario levar a cabo e avaliar a súa posibilidade económica, integrando os distintos coñecementos da materia, aplicándoos con creatividade para abordar un proxecto de iniciativa empresarial. A planificación debe recoller, tanto os aspectos económicos e financeiros como as formalidades legais de constitución, anticipando os diversos recursos.

5.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación

Os instrumentos de avaliación son:

- a corrección de exercicios individuais: resolución de problemas, claridade da exposición, expresión escrita,...
- a participación no desenvolvemento da clase e nos debates: expresión oral, manexo adecuado dos conceptos,...
- a exposición dos traballos individuais e/ou en grupo: selección e recollida de información, estruturación da mesma, análise de datos, explicación dos fenómenos económicos,...
- as probas escritas

6.- Metodoloxía didáctica

A metodoloxía didáctica para as materias Economía e Economía da Empresa é similar (ver metodoloxía para Economía na páxina 30).

7.- Materiais e recursos didácticos

- O alumnado pode consultar os libros de texto publicados por diferentes editoriais (Anaya, SM, Santillana, McGraw Hill,...) dispoñibles no departamento de Economía do centro.
- Materiais diversos tomados de contidos en rede de editoriais
- Artigos xornalísticos na Internet, versións dixitais dos xornais xeneralistas
- Páxinas webs de empresas, web ipyme.org, web do Banco Central Europeo,...
- Blogs de Economía
- Documental “Fíos fora”

A aula de 2º Bacharelato está dotada de ordenador con conexión a Internet, proxector e tableiro dixital.

8.- Avaliación, cualificación e promoción do alumnado

A nota da avaliación estará formada por:

- 85% a nota media dos exames do trimestre
- 15% a cualificación dos exercicios realizados e traballos expostos

Ao longo do curso realizaranse 5 exames:

- 1º trimestre: 2
- 2º trimestre: 2
- 3º trimestre: 1

Para superar un trimestre, o alumnado debe obter ao menos o 50% da puntuación máxima posible nos exames. Dentro dun mesmo trimestre pódense compensar as notas dos exames se a menos se obtén un 40% de nota respecto á máxima puntuación posible, pero non as notas entre trimestres.

Realizaranse 2 recuperacións: a do 1º trimestre en xaneiro e a do 2º trimestre en abril. O

alumnado terá, ademais, a oportunidade, nunha única proba no mes de xuño, de recuperar un ou máis trimestres pendentes.

O alumnado promocionará cando supere os tres trimestres.

9.- Avaliación do proceso do ensino e a práctica docente.

Ver páxina 34 e seguintes.

10.- Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Realizarase unha proba escrita en febreiro de 2017 aos alumnos de anos anteriores coa materia pendente. Se o alumno non supera a proba de febreiro, poderá realizar un novo exame escrito no mes de maio. En ámbolos casos, a proba escrita poderá complementarse coa realización e exposición dun traballo sobre unha ou varias unidades didácticas.

11.- Procedementos que lle permitan ó alumnado acreditar os coñecementos necesarios

Aqueles alumnos matriculados en Economía da Empresa que non asistiran regularmente á clase poderán examinarse a mediados do mes de abril de 2017 mediante unha proba escrita que permita garantir que adquiriron os coñecementos e capacidades mínimas establecidos na presente programación. Á proba anterior tamén poderán presentarse aquelas persoas que por un elevado absentismo non puideron acreditar que posúen as competencias requiridas.

Por outra parte, aqueles alumnos que tendo feito as actividades e participado no desenvolvemento das clases regularmente non superaran ningún dos exames trimestrais -ou superaran algúns, pero a media de exames do trimestre non acadara a nota de 5 puntos sobre 10- poderán realizar a proba mencionada nos dous apartados anteriores.

Para aqueles alumnos que ao chegar o mes de abril teñen algún trimestre pendente, existe un exame que permite recuperar un ou dous trimestres.

12.- Avaliación inicial

12.1.- Medidas individuais ou colectivas a adoptar en función dos resultados

A información recolleita debe permitir a exploración e o coñecemento de cada alumno sobre o grado de adquisición dos prerrequisitos de aprendizaxe. Se se comprobase que a maioría dos alumnos descoñecen un determinado requisito, o seu estudo deberase incluír no proceso de ensino previsto para todo o grupo-clase. En cambio, si só son unha minoría, será necesario arbitrar mecanismos de compensación diversificados.

Doutro lado, é necesario distinguir entre prerrequisitos que non se coñecen e prerrequisitos que só se deben recuperar.

A avaliación inicial debe ademais proporcionar información sobre;

- as ideas alternativas ou modelos espontáneos de razoamento e as estratexias espontáneas de actuación
- as actitudes e hábitos adquiridos con relación á aprendizaxe e
- as representacións que se fan das tarefas que se lles propoñen.

As actividades para a avaliación inicial deben estar relacionadas coa motivación e a activación de coñecementos previos (preguntas orais, pautas de observación, entrevistas,...).

13.- Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade no Bacharelato para a materia de Economía da Empresa son:

- repaso de contidos xa vistos, coa participación do alumnado
- actividades con diferentes niveis de dificultade
- actividades de consolidación: exercicios, tests, análise de informacións económicas
- a agrupación do alumnado: cambiar a distribución do alumnado na aula e establecer agrupacións diferentes para cada traballo en equipo asignado
- actividades de recuperación para o alumnado que non estea acadando os obxectivos

14.- Elementos transversais

A. Educación en valores:

- Educación moral e cívica: Concienciar ao alumno da responsabilidade que teñen as empresas cara aos empregados e cara á sociedade. O documental "Fíos fóra" trata das consecuencias da actividade do grupo Inditex na vida das persoas que traballan para el.

- Educación ambiental. A localización dunha empresa de fabricación ten un impacto sobre a saúde das persoas e da flora e fauna.

- Educación para a igualdade de sexos. Tratarase na unidade 8, xestión de recursos humanos.

- Educación do consumidor. Na unidade 3 analizaranse campañas e anuncios publicitarios.

B. Animación á lectura e expresión oral. Están previstas lecturas sobre empresas e emprendedores.

C. Novas tecnoloxías da información:

- Presentacións dalgunhas unidades didácticas a través de Impress.

- Utilización de Internet na aula informática como recurso na procura de información

- Visita de páxinas web relacionadas coa economía (Banco de España, SEPE, empresas, prensa económica, blogs de tema económico,...)

- Resolución de exercicios e test en liña a través de Internet.

- Uso de follas de calculo para o traballo con datos económicos como a confección de táboas e representacións gráficas.

- Proxección de documentais e vídeos de contidos económico.

15.- Actividades Complementarias e extraescolares

- Visita a unha empresa
- Concurso "Generación euro"

16.- Modificacións propostas na memoria do curso anterior

No curso anterior non se fixo ningunha proposta relativa á impartición de clases, debido a que os resultados obtidos polo alumnado de Economía da empresa foron bos. Todos os alumnos superaron a materia no mes de xuño e obtiveron moi boas notas nas PAU..

17.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Ver páxinas 34-37.

18. Indicadores de logro:

	INDICADORES	VALORACIÓN	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
1	Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente as habilidades que o alumnado debe acadar como resultado da intervención educativa.		
2	Selecciono e secuencio os contidos da miña programación cunha distribución e unha progresión adecuada ás características de cada grupo de alumnos.		
3	Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos, en función dos distintos tipos de contidos y en función das características dos alumnos.		
4	Adapto o número de sesións previstas ao ritmo de aprendizaxe do alumnado		
5	As actividades de avaliación están en relación coas capacidades desenvolvidas nas clases		

6	Coordino a impartición das clases e as actividades co resto do profesorado da etapa educativa.		
7	Relaciono os contidos e actividades cos intereses e cos coñecementos previos do alumnado		
8	Relaciono os contidos coa información actual, particularmente a dos xornais		
9	Motivo ao alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe e proporcionolle actividades adicionais		

PROGRAMACIÓN DE FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN

1. Introducción

Esta materia ten como obxectivo estimular as destrezas e habilidades dos estudantes para transformar ideas en proxectos e poñer en marcha un negocio viable. A creatividade e o espírito de innovación son claves para desenvolverse en diferentes contornos.

O alumnado debe comprender o esforzo e o risco que representa unha empresa, e asumir que o fracaso e os erros forman parte da aprendizaxe.

É importante desenvolver o espírito de equipo e concienciar da importancia da ética empresarial, así como propiciar o emprego das novas tecnoloxías da información e a comunicación para o desenvolvemento do proxecto.

Dotarase ao alumnado das ferramentas necesarias para analizar a viabilidade económica do proxecto elixido.

A materia ten un enfoque eminentemente práctico.

2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A impartición desta materia vai encamiñada a que o alumno adquira as seguintes competencias claves:

- A competencia “aprender a aprender” está presente ao longo desta materia xa que o alumno deberá aprender e saber aplicar los conceptos, as súas relacións e os instrumentos de contido económico no ámbito de la administración y xestión empresarial
- A competencia da “comunicación lingüística” conséguese de forma transversal: todos os bloques, en maior ou menor medida, precisan de lecturas e expresión escrita e oral
- A competencia “matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía” desenvólvese nas unidades 6, 8, 9 e 10, aínda que tamén está presente nas unidades 4 e 5.
- As competencias “sociais e cívicas” vanse desenvolver a través de traballos en grupo e debates sobre temas como os impostos (unidade 5) ou os intermediarios financeiros (unidade 8).
- A competencia “sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor”, asociada a esta materia, incide non só na pura actividade empresarial senón na contribución á sociedade por parte de los empresarios.
- A “competencia dixital” desenvólvese mediante o emprego de aplicacións como Nominaplus ou Contaplus, follas de cálculo para o cálculo de custos e de resultados, ou o programa PADRE para a declaración da renda do empresario individual. Así mesmo, as exposicións dos traballos deberán facerse mediante programas como Impress ou Prezi.

3.- Obxectivos

1. Obter unha visión práctica do funcionamento dunha organización empresarial, a través das diferentes áreas que a compoñen.
2. Identificar, utilizar e arquivar os distintos documentos que xera o desenvolvemento da actividade

empresarial.

3. Comprender e manexar as técnicas básicas que se utilizan nas diversas áreas ou Departamentos en que se estrutura una empresa.

4. Iniciar no coñecemento e utilización das novas tecnoloxías aplicadas ás funcións de xestión e administración de empresas.

5. Posibilitar a autoaprendizaxe do alumno formándolle para que poida tomar decisións e actuar adecuadamente, mesmo ante situacións non habituais.

6. Saber buscar calquera tipo de información que afecte á empresa.

7.- Elaborar un proxecto de creación de empresas de forma simulada

4.- SECUENCIACIÓN DE UNIDADES

Unidade 1: Introducción á empresa

4.1.1. Obxectivos

- Introducirse na realidade empresarial, comprender que son as empresas, que fins teñen e que funcións realizan.

- Coñecer as distintas formas de clasificación das empresas.

- Coñecer as distintas formas xurídicas que existen para a súa constitución, e analizar as súas principais características.

- Comprender as principais tarefas e actividades que se realizan nas empresas, e coñecer as súas principais áreas internas ou departamentos.

4.1.2. Contidos

4.1.2.1. Conceptos

- Introducción ao mundo empresarial.

- Concepto, fins e funcións das empresas.

- Clases de empresas.

- Formas xurídicas de empresas: Empresario individual. Sociedade colectiva. Sociedade comanditaria simple e por accións.

- Sociedade de responsabilidade limitada: Sociedade anónima. Sociedade anónima laboral. Sociedade cooperativa.

- O marco legal da empresa.

- Organización interna: departamentos e funcións; organigramas.

4.1.2.2. Procedementos

Simulación. Proxecto de creación da nosa propia empresa.

- Definición e análise do proxecto da empresa simulada.

- Aplicación de conceptos e técnicas para a resolución dos interrogantes que se presentan á empresa simulada.

- Análise do papel das empresas.

- Identificación das diferentes clases de empresas, analizando o distinto grado de responsabilidade dos seus propietarios en cada unha delas.

- Relación entre formas xurídicas de empresas, magnitude do capital necesario, número de socios e responsabilidade dos mesmos.

- Análise da organización interna da empresa.

4.1.2.3. Actitudes

- Valoración do papel das empresas na economía dun país.
- Reflexión sobre a utilidade das empresas para a satisfacción das necesidades dos cidadáns.
- Valoración da función do empresario.
- Comprensión das distintas formas xurídicas de constitución das empresas.
- Comprensión da organización interna da empresa, valorando a función que desempeñan na mesma os distintos departamentos.

4.1.3. Criterios de avaliación

- Xustificar o papel das empresas na economía dun país e na vida dos cidadáns.
- Identificar as diferentes clases de formas xurídicas de empresas e analizar as súas principais características: grado de responsabilidade dos seus propietarios, capital necesario, número de socios, organización, etc.
- Resolver supostos prácticos sobre a organización interna das empresas:
 - Propoñer una estrutura departamental idónea.
 - Definir funcións básicas para cada departamento.
 - Debuxar un organigrama coas relacións entre os mesmos.

4.1.4. Temporalización

9 horas

4.1.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

Os estándares de aprendizaxe relacionados con esta unidade son:

- 1.1.** Identifica os diferentes aspectos da innovación empresarial e explica a súa relevancia no desenvolvemento económico e na creación de emprego.
- 1.2.** Recoñece diversas experiencias de innovación empresarial e analiza os elementos de risco.
- 1.3.** Valora a importancia da tecnoloxía e de Internet como factores clave de innovación e relaciona a innovación coa internacionalización da empresa.
- 2.1.** Analiza o sector empresarial onde se desenvolve a idea de negocio.
- 2.2.** Realiza unha análise do mercado e da competencia para a idea de negocio seleccionada.
- 3.1.** Explica as diferentes perspectivas da figura do emprendedor desde el punto de vista empresarial.
- 3.2.** Avalía as repercusións que supón elixir unha idea de negocio.
- 3.3.** Analiza as vantaxes e inconvenientes de diferentes propostas de ideas de negocio realizables.
- 3.4.** Expón os seus puntos de vista, mantén unha actitude proactiva e desenvolve iniciativa emprendedora.
- 3.5.** Traballa en equipo mantendo unha comunicación fluída cos seus compañeiros para o desenvolvemento do proxecto de empresa.
- 4.1.** Recoñece os diferentes obxectivos e fins da empresa e relaciónaos coa súa organización.
- 4.2.** Reflexiona sobre o papel da responsabilidade social corporativa e valora a existencia dunha ética dos negocios.
- 4.3.** Proporciona argumentos que xustifican a elección da forma xurídica e da localización da empresa.
- 4.4.** Comprende a información que proporciona o organigrama dunha empresa e a importancia da descrición de tarefas e funcións para cada posto de traballo.
- 4.5.** Realiza unha previsión dos recursos necesarios.

Unidade 2: Creación da empresa

4.2.1. Obxectivos

- Comprender o proceso de creación dunha empresa.
- Coñecer as decisións previas á tramitación.
- Pescudar cales son os trámites necesarios para a posta en marcha dunha empresa.
- Saber relacionar os trámites cos seus correspondentes organismos.
- Ser capaz de realizar a posta en marcha dunha empresa. En especial, unha empresa individual (comercial) almacenista.

4.2.2. Contidos

4.2.2.1. Conceptos

- Decisións previas á posta en marcha dunha empresa: Actividade empresarial. Nome. Logotipo. Localización (ubicación).
 - Xestións e trámites para a constitución e posta en marcha da empresa: Documentación. Organismos. Requisitos.
- Outras xestións.
- Impresos para a realización dos trámites.

4.2.2.2. Procedementos

- Simulación. Creación da empresa simulada.
- Elección do nome da empresa.
- Identificación dos trámites e xestións necesarios para a constitución da empresa simulada.
- Aplicación de conceptos e técnicas para a resolución dos interrogantes e operacións que se lle presentan á empresa simulada.
- Identificación das decisións de carácter previo á creación dunha empresa.
- Obtención de información sobre as xestións e trámites necesarios para a constitución e posta en marcha das empresas mediante a visita aos diferentes organismos implicados.
- Enchemento dos documentos necesarios para a constitución das empresas.
- Análise das funcións que, en relación coa creación de empresas, desempeñan os organismos públicos.

4.2.2.3. Actitudes

- Comprensión do papel dos diferentes organismos no proceso de creación e posta en marcha das empresas.
- Reflexión sobre a importancia do nome, o logotipo e a localización para as empresas.
- Reflexión sobre a facilidade/dificultade dos trámites de constitución das sociedades mercantís.

4.2.3. Criterios de avaliación

- Identificar, en supostos dados, a relación existente entre: nome da empresa, logotipo, ubicación e actividade que realiza.
- Realizar un esquema-resumo que recolla os organismos que interveñen no proceso de posta en marcha dunha empresa e os trámites a realizar en cada un.
- Cubrir os trámites necesarios para a posta en marcha dunha empresa segundo a súa forma xurídica.

- Realizar xestións diversas ante organismos públicos e privados.

4.2.4. Temporalización

8 horas

4.2.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

Os estándares de aprendizaxe relacionados con esta unidade son:

- 1.1.** Identifica os diferentes trámites legais necesarios para a posta en marcha dun negocio e recoñece os organismos ante os cales han de presentarse.
- 2.1.** Utiliza habilidades comunicativas e técnicas para atraer a atención na exposición pública do proxecto de empresa.
- 3.1.** Manexa ferramentas informáticas e audiovisuais atractivas que axudan a unha difusión efectiva do proxecto.

Unidade 3 Secretaría e arquivo

4.3.1. Obxectivos

- Establecer un circuíto de información e comunicación dentro da empresa e de esta co exterior, aplicando as técnicas máis comúns.
- Coñecer as normas sobre a obriga de conservar a documentación que a empresa xera.
- Coñecer as regras oficiais de clasificación.
- Analizar e distinguir as diferentes clases de arquivo.
- Distinguir as diferentes formas de comunicación da empresa con outras empresas, organismos e/ou particulares.
- Ser capaz de aplicar as técnicas de comunicación máis frecuentes.

4.3.2. Contidos

4.3.2.1. Conceptos

- Conservación de la documentación: Necesidade da información documental. Normativa legal.
- O arquivo: Concepto e finalidade. Clases. Organización material. Sistemas de clasificación.
- Técnicas de comunicación escrita: Carta comercial. Saúda. Informe. Notas interiores. Certificado. Instancia. Declaración. Currículum vitae. Oficio.
- Rexistros de correspondencia:
- Rexistros de entrada e saída.
- Correspondencia interna.

4.3.2.2. Procedementos

Simulación. Actividades da empresa simulada:

- Organización da empresa: circulación da información.
- Establecemento dun sistema de arquivo, clasificación e rexistro para os distintos tipos de documentos.
- Confección de cartas de presentación da empresa aos posibles provedores.
- Aplicación de conceptos e técnicas para a resolución das novas necesidades que se lle presentan á empresa simulada.
- Obtención de información, a través das persoas encargadas da conservación e da xestión da

documentación do propio centro educativo do alumno, da forma, medios, sistemas e rexistros dos documentos e escritos que se utilizan.

- Obtención de información, a través das persoas encargadas da biblioteca do propio centro, sobre a forma de levar a xestión da mesma: fichas de libros, sistema de clasificación dos mesmos, localización e control dos mesmos.
- Redacción de escritos e comunicacións de acordo cos formatos establecidos para cada clase de documentos.
- Resolución de supostos prácticos de arquivo e clasificación aplicando diferentes sistemas.

4.3.2.3. Actitudes

- Reflexión sobre a necesidade das empresas de conservar a documentación escrita, e de poder localizala facilmente cando se necesite a súa consulta.
- Comprensión da importancia do establecemento dunha organización eficaz dos arquivos para poder gardar, conservar e localizar os documentos que se manexan na actividade empresarial.
- Valoración dos distintos sistemas de clasificación e arquivo de documentos e escritos.

4.3.3. Criterios de avaliación

- Xustificar a importancia e necesidade de conservar a documentación na empresa.
- Realizar un esquema-resumen que ofrezca os puntos básicos da clasificación e o arquivo.
- Realizar supostos de comunicacións, utilizando os diferentes medios dispoñibles.
- Definir, ante un suposto dado, os sistemas de circulación interna da correspondencia e os rexistros necesarios.
- Procesar a correspondencia e documentación. Coñecer as innovacións tecnolóxicas no campo da información. Recibir e distribuír información oral e escrita.

4.3.4. Temporalización

8 horas

4.3.5. Estándares de aprendizaxe avaliados

1.1. Comprende e sabe realizar os trámites fiscais, laborais e de Seguridade Social e outros para a posta en marcha.

1.2. Valora a relevancia do cumprimento dos prazos de tempo legais para efectuar os trámites e crear o negocio.

Unidade 4: Administración (I)

4.4.1. Obxectivos

- Comprender o concepto xurídico-económico de patrimonio (bens, dereitos e obrigacións) e introducirse no seu rexistro contable.
- Determinar as necesidades patrimoniais básicas das empresas en relación coas súas actividades.
- Entender a incidencia das distintas operacións da empresa sobre o patrimonio.
- Empezar a coñecer a Contabilidade como ciencia e introducirla na actividade contable da empresa.
- Comprender o significado contable das contas e dos asentos contables polo método da partida dobre.

- Coñecer os principais libros contables e empezar a realizar anotacións (asentos) nos mesmos como forma de rexistro das operacións da empresa.
- Introducirnos no estudo do Plan Xeral de Contabilidade.

4.4.2. Contidos

4.4.2.1. Conceptos

- O concepto económico da empresa e o patrimonio: O patrimonio e os elementos patrimoniais. O inventario. Clasificación e valoración dos elementos.
- As masas patrimoniais.
- A Contabilidade: concepto, obxectivos e fins.
- As contas: Concepto e representación. Clasificación e rexistro dos datos: as anotacións no Debe e no Haber. O sistema da Partida Dobre. Os libros contables. Normas contables de carácter básico. Estrutura, características e uso dos libros contables: O libro Diario. O libro Maior. O libro de Inventarios e Contas anuais.
- O Plan Xeral de Contabilidade: Estrutura e contido.

4.4.2.2. Procedementos

Simulación. Actividades da nosa empresa simulada:

- Cálculo do patrimonio necesario para a empresa.
- Achega do capital necesario para comenazar.
- Libros de Contabilidade: apertura dos libros Diario e Maior.
- Aplicación de conceptos e técnicas para a resolución dos interrogantes e necesidades que se lle presentan á empresa simulada.
- Identificación e clasificación dos elementos patrimoniais.
- Determinación del valor del patrimonio.
- Rexistro e control do estado e variación dos elementos patrimoniais mediante anotacións nas contas.
- Obtención, análise e significado dos saldos das contas.
- Aplicación de la partida dobre: práctica de asentos nos libros contables.

4.4.2.3. Actitudes

- Reflexión sobre a utilidade dunha agrupación e denominación común dos elementos patrimoniais para a realización de inventarios, e a análise e comparación de patrimonios entre diferentes empresas.
- Valoración da importancia do sistema de partida dobre para a contabilidade.
- Comprensión do papel que desempeñan os plans de contas.
- Valoración da función do Plan Xeral de Contabilidade como regulador do sistema de rexistro contable para as empresas.

4.4.3. Criterios de avaliación

- Analizar os elementos patrimoniais, clasificándoos en masas.
- Determinar o valor do patrimonio neto.
- Explicar o concepto de conta, indicando os distintos tipos de contas e os convenios de cargo e abono de

cada un.

- Identificar os tipos de libros contables e as súas funcións diferenciando os libros obrigatorios dos non obrigatorios.
- Descritos uns feitos contables sinxelos, explicar o seu rexistro nos libros Diario e Maior e efectuar os asentos contables correspondentes.
- Valorar a necesidade da regulación contable.
- Describir a estrutura do PGC indicando os apartados de obrigado cumprimento.

4.4.4. Temporalización

9 horas

4.4.5. Estándares de aprendizaxe avaliados

- 1.1.** Manexa os elementos patrimoniais da empresa, valora a metodoloxía contable e explica o papel dos libros contables.
- 1.2.** Analiza e representa os principais feitos contables da empresa.
- 1.3.** Comprende o concepto de amortización e manexa o seu rexistro contable.
- 1.4.** Analiza e asigna os gastos e ingresos ao exercicio económico ao que correspondan con independencia das datas de pago ou cobro.
- 1.5.** Comprende o ciclo contable, analiza o proceso contable de cierre de exercicio e determina o resultado económico obtido pola empresa.
- 1.6.** Analiza as obrigas contables e fiscais e a documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos.
- 1.7.** Manexa a nivel básico unha aplicación informática de Contabilidade, onde realiza todas as operacións necesarias e presenta o proceso contable correspondente a un ciclo económico.

Unidade 5: Aproveitamento

4.5.1. Obxectivos

- Amosar ao alumno a necesidade que teñen as empresas de:
- Adquirir bens e servizos necesarios para realizar a súa actividade económica.
- Establecer relacións comerciais cos provedores.
- Coñecer a documentación xerada polas compras e as súas formas de pago.
- Saber cales son as normas xurídicas e contables que regulan estas operacións.

4.5.2. Contidos

4.5.2.1. Conceptos

- O mercado.
- Os provedores.
- A operación de compravenda: Marco legal: normas mercantís e fiscais.
- Estudo do Imposto sobre o Valor Engadido (IVA).
- O proceso das compras: O pedido. A recepción: o albarán e a factura. O custo das compras.

- As existencias: Clasificación. Almacén. Valoración. Xestión de stocks.
- O proceso de pago: Momento del pago. Forma e medios de realización: a letra de cambio, o cheque, outros medios de pago.
- Contabilización das operacións de aprovisionamento.

4.5.2.2. Procedementos

Simulación. Actividades da nosa empresa simulada.

- Elección de provedores.
- Adquisición de elementos do inmovilizado e das mercadorías.
- Xestión do almacén e control das existencias.
- Control de débedas e pagos.
- Cumprimentación de documentos.
- Rexistro de operacións e documentos: IVA, libros contables, documentación mercantil.
- Aplicación de conceptos e técnicas para a resolución dos interrogantes e necesidades que se lle presentan á empresa simulada.
- Análise de ofertas e características de provedores para poder determinar os máis convenientes en cada caso.
- Identificación das principais normas, mercantís e fiscais, relacionadas coa compravenda.
- Análise dos aspectos básicos do IVA e a súa repercusión nos prezos de compravenda de produtos e servizos.
- Cumprimentación dos libros rexistro obrigatorios no IVA.
- Cumprimentación de documentos das operacións de compra: pedidos, albaráns e facturas.
- Valoración de existencias aplicando os métodos: FIFO y Prezo Medio Ponderado.
- Análise e cumprimentación dos documentos de pago: recibo, letra de cambio e cheque.

4.5.2.3. Actitudes

- Comprensión da necesidade que ten a empresa de adquirir bens e servizos para poder realizar a súa actividade económica.
- Comprensión da incidencia das normas mercantís e fiscais nas operacións de compravenda.
- Reflexión sobre a repercusión do IVA nos prezos de venda de produtos e servizos, entendendo quen soporta definitivamente as súas cotas.
- Valoración do papel dos instrumentos e medios que permiten realizar a administración e xestión das operacións de aprovisionamento das empresas e do control e realización do pago das mesmas.

4.5.3. Criterios de avaliación

- Distinguir os documentos básicos das operacións de aprovisionamento, precisando a súa función e os requisitos básicos que deben reunir.
- Interpretar a normativa mercantil e fiscal vixente, aplicable ás operacións de compravenda.
- Distinguir os diferentes tipos de existencias habituais nas empresas.
- Analizar os distintos métodos de valoración de existencias.
- Analizar os sistemas e medios de cobro e pago habituais en operacións de compravenda.
- Nun suposto práctico:
 - Razoar por que se selecciona aos provedores.
 - Comprobar a documentación recibida.

- Elaborar pedidos, albaráns e facturas.
- Rexistrar en fichas de almacén os movementos de existencias.
- Cumprimentar recibos, letras de cambio e cheques.
- Cumprimentar os libros rexistro de facturas recibidas e de facturas emitidas.

4.5.4. Temporalización

16 horas

4.5.5. Estándares de aprendizaxe avaliados

- 1.1. Deseña unha planificación das necesidades de aprovisionamento da empresa.
- 2.1. Identifica os distintos tipos de documentos utilizados para o intercambio de información con provedores.
- 2.2. Utiliza diferentes fontes para a busca de provedores online e offline.
- 2.3. Relaciona e compara as distintas ofertas de provedores, utilizando diferentes criterios de selección e explicando as vantaxes e inconvenientes de cada unha.
- 3.1. Coñece técnicas de negociación e comunicación.
- 3.2. Recoñece as diferentes etapas nun proceso de negociación de condicións de aprovisionamento.

Unidade 6: Producción

4.6.1. Obxectivos

Resaltar a importancia que a organización do proceso produtivo ten para as empresas industriais ou de transformación e analizar os seus compoñentes máis importantes.

4.6.2. Contidos

4.6.2.1. Conceptos

- A produción: Empresas produtoras de bens. A produtividade. Valor engadido que xera o proceso de produción.
- O deseño do sistema de produción: Distribución en planta. Manexo de materiais. Clases de procesos produtivos.
- Relación do departamento de produción con outros departamentos da empresa: Relación Producción-Aprovisionamento. Relación Producción-Comercial.
- O custo de produción.

4.6.2.2. Procedementos

- Identificación de empresas produtoras de bens na contorna do alumno.
- Análise dos distintos tipos de procesos industriais.
- Identificación e análise dos elementos que interveñen no proceso produtivo.
- Valoración dos factores de produción para a obtención do custo de produtos e servizos.

4.6.2.3. Actitudes

- Valoración da función que desempeñan as empresas produtivas para a satisfacción das necesidades,

así como a incidencia que teñen para a economía do país.

- Reflexión sobre a importancia que a organización do proceso produtivo ten para a empresa.

4.6.3. Criterios de avaliación

- Identificar os tipos de empresas produtoras, diferenciándoas das empresas comerciais e de servizos.
- Distinguir as clases de procesos de produción.
- Analizar o obxectivo do sistema de produción e identificar os aspectos a ter en conta ao establecer a distribución en planta e o manexo de materiais.
- Analizar os compoñentes do custo de produción e calcular o seu importe.

4.6.4. Temporalización

4 horas

4.2.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

O currículo LOMCE para a materia de Fundamentos de administración e xestión non incorpora estándares de aprendizaxe vinculados á unidade de produción. Neste sentido, entendemos que os contidos vinculados a esta unidade ao non estar incluídos no currículo, son contidos soporte que o docente pode impartir en función das necesidades do grupo.

Unidade 7: Comercialización

4.7.1. Obxectivos

- Amosar ao alumnado que a función de vendas é a tarefa máis importante que na actualidade deben desenvolver as empresas.
- Sinalar a necesidade que teñen as empresas de dar a coñecer os seus produtos e de distribuílos de forma que cheguen ao consumidor en óptimas condicións.
- Coñecer os rexistros e documentos que a comercialización e vendas orixinan, así como as normas legais e contables que as regulan.

4.7.2. Contidos

4.7.2.1. Conceptos

- A distribución: Concepto. Canais. Custos de distribución.
- A empresa ante o mercado dos seus produtos e servizos.
- Nocións de marketing: Marketing de investigación. Política comercial da empresa.
- Concepto y cálculo de marxes comerciais.
- A protección dos consumidores e usuarios.
- Contabilización das operacións de comercialización.

4.272.2. Procedementos

Simulación. Actividades da nosa empresa simulada.

- Captación de clientes.
- Envío de produtos.

- Expedición de facturas e cobro de vendas.
- Control de efectos a cobrar.
- Control de existencias.
- Rexistro de operacións e documentos: IVA, libros contables, documentación mercantil.
- Aplicación de conceptos e técnicas para a resolución dos interrogantes e necesidades que se lle presentan á empresa simulada.
- Identificación e análise dos diferentes elementos da política comercial.
- Cálculo de marxes comerciais.
- Análise das normas legais de protección aos consumidores e aplicación das mesmas a casos prácticos.
- Confección de facturas de vendas contemplando a incidencia de descontos, portes e envases.
- Enchemento de documentos de cobro das operacións de vendas.

4.7.2.3. Actitudes

- Valoración da función de vendas como a tarefa máis importante para a vida da empresa.
- Reflexión sobre a necesidade que teñen as empresas de dar a coñecer os seus produtos e distribuílos de forma que cheguen ao consumidor en condicións óptimas.

4.7.3. Criterios de avaliación

- Identificar as funcións da distribución.
- Distinguir os tipos de canais de distribución máis habituais.
- Diferenciar os conceptos de marketing tradicional e moderno.
- Analizar as funcións do marketing de investigación.
- Analizar as funcións da política comercial da empresa.
- Interpretar, ante casos concretos, as normas legais que regulan a protección aos consumidores e usuarios.
- Calcular a marxe comercial.

4.7.4. Temporalización

10 horas

4.7.5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

- 1.1.** Analiza o proceso de comercialización dos produtos ou servizos da empresa.
- 1.2.** Explica as características dos potenciais clientes da empresa, así como identifica o comportamento dos competidores da mesma.
- 1.3.** Aplica procesos de comunicación e habilidades sociais en situacións de atención ao cliente e operacións comerciais.
- 1.4.** Realiza unha previsión de vendas a corto e medio prazo, manexando a folla de cálculo.
- 2.1.** Reflexiona sobre as diferentes estratexias de prezos a seguir tendo en conta as características do produto ou servizo e da razóns que expliquen o prezo fixado
- 3.1.** Elabora un plan de medios, onde describe as accións de promoción e publicidade para atraer aos clientes potenciais, facendo especial fincapé nas aplicadas en Internet e dispositivos móbiles.
- 3.2.** Valora e explica os diferentes canais de distribución e venda que pode utilizar a empresa.

Unidade 8: Tesourería e financiamento

4.8.1. Obxectivos

- Realizar previsións de tesourería para coñecer a súa situación a curto prazo e os posibles problemas de falta de liquidez.
- Coñecer os servizos dos intermediarios financeiros: Bancos e Caixas de aforros.
- Comprender as técnicas para o cálculo do xuro e aplicarlas nas modificacións dos vencementos de cobros e de pagos.
- Aprender a xestionar a carteira de efectos utilizando os servizos bancarios.
- Analizar os problemas de falta de liquidez e estudar posibles solucións, identificando os trámites e xestións necesarios, cumprimentando a súa documentación e calculando os seus custos.

4.8.2. Contidos

4.8.2.1. Conceptos

- Intermediarios financeiros bancarios: Bancos e Caixas de aforros.
- Operacións e servizos bancarios: Contas bancarias. Domiciliación de pagos. Transferencias. Xestión de cobros. Desconto de efectos. Créditos e préstamos. Tarxetas de crédito e débito. Operacións de cambio de moeda.
- O cálculo de intereses: Concepto e clases de intereses. Fórmula xeral do interese simple. Peculiaridades. Procedementos abreviados de cálculo. Ampliación de conceptos: fórmula de interese composto. Aplicación práctica.
- Xestión de la tesourería de la empresa: Previsións de tesourería. Envío de efectos ao banco. Efectos impagados. Modificacións en los cobros y pagos. Rexistro contable de las operacións. de tesourería y financiamento.

4.8.2.2. Procedementos

Simulación. Actividades da nosa empresa simulada:

- Estado de previsión de Tesourería.
